

# A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 95 \* DO 22 AO 28 DE FEBREIRO DE 1980 \* 40 PTS.




**FABRICAS DE CHOCOLATE**  
ou a longa tradición artesanal

XURXO FERNANDEZ

## O AFANOSO DESCOIDO DOS AEROPORTOS GALEGOS

Acordos CEE-Estado español:  
O sector pesqueiro respostra

Unha fendedura en Salas  
¿OS EMBALSES, UN PERIGO?



**USA NO INDICO**



**Lluís Llach,**  
a evolución creativa  
xunguida á personal

XURXO FERNANDEZ



VIVEIRO, COUTO PRIVADO

En "El Progreso" do día 13 pasado, aparece en extracto unha comunicación dos dous concellais do BN-PG en Viveiro. Os concellais nacionalistas amosan-se cabreados porque, señores, houbo cambio de alcalde, e o novo vén disposto a facer as cousas "ben", precisando que, sendo da UCD, xa poden supoñer vostedes o que o tal adverbio pode implicar. O sr. Blanco Casariego, novo rexedor, aos do PSOE fíxolles unha faena, porque lles retirou a Comisión de Urbanismo, que pasou a unificar coa de Obras. Pense vostede no ben que pode funcionar unha Comisión con nada menos que dous dos servizos fundamentais neste concello de carotce mil habitantes e nunha zona en plena expansión. Pero vais, o lque é aos concellais do

Bloque, non os meteu en ningunha comisión. Tendo estes protestado, a única razón recibida do alcalde vivariense foi a súa santa vontade, apoiada, segundo os firmantes, "nunha lei fascista do ano 55". E a esto engade, da súa propia colleita, o xornal: "Que por certo, es la actualmente vigentè".

Do que podemos deducir doadamente o carácter de moitas vixencias actuais. Xa que eles o diñ...

CHOURIZOS NESTLE

Resulta, señores, que en España estanse a dar síntomas alarmantes do que nos pode pasar a nós dentro de pouco se a entrada en "Europa" se consuma. Resulta que a empresa suíza "Nestlé", coñecida de sobras por todo o mundo pola elaboración de chocolates(e



ben bos) e outros produtos lácteos de diversa caste, vai entrar na industria cárnica española, e dá lugar a un título, que funde calquera, que a semana pasada quitaba "La Voz de Galicia": "Los chorizos de Cantimpalos serán fabricados por una multinacional".

Moi axiña, se alguén non o remedia, farán as filloas de sangra en série e venderánolas en lata. E xa que non deron chegada os cataláns comprará o monopolio, ¿qué sei eu?, calquiera empresa xaponesa...

O "ESPAÑOLEIRO" CAPARRÓS

"De pronto me pongo en pié y siento la increíble tentación de aplaudirle a don Santiago Carrillo. Porque el hombre se ha ganado la ovación, después de encajarle a muchos otros un gol casi antológico.

Por lo pronto se ha ido al País Vasco y allí, echándole pichón a la cosa, se ha permitido decir: "Defendemos Euskadi y su autonomía, pero sentimos el orgullo de formar parte de España".

A Luis Caparrós parécelle extraordinario que Carrillo diga que o PCE, "orgullosamente", forma parte de España. E non tiña por qué. ¿Ou é que entre "españoleiros" non se comprenden? VERDUGO COMPASIVO

As argalladas fascistas en relación co xuicio dos encartados pola matanza de Atocha, daría para chistes para un ano, de non ser o tema que é. Cóntolles o úl-



timo, recollido de "La Voz de Galicia" do 17: "Mariano Sánchez Covisa, uno de los testigos solicitados por la acusación particular en el caso de la matanza de los abogados laboristas de la calle Atocha, ha informado que ha presentado una denuncia contra el Sindicato Comisiones Obreras y los abogados laboristas del despacho de Atocha, 55, por no tener dado de alta en la Seguridad Social a Angel Elías, trabajador asesinado en la citada matanza". O coñecido ultradereitista aduce que "se le privaba fraudulentamente, lo mismo que a sus herederos, de los beneficios reconocidos legalmente por el Estado Español".

Só falta que diga que foi a derradeira vontade do traballador. ¿e el pode sabela.

A "PARTICIPACION" DOS PAIS

Resulta que o outro día, en sesión municipal na capital nafarra, viuse onde queda o presun-

to "respeto aos pais" da política educativa, e máis o carácter da "oposición" socialista, etc,etc, etc. Resulta que en Iruña hai unha "ikastola", municipal. Resulta que carece de subvencións, e que os pais dos cativos que asisten a ela están que botan. Esoutro día, había no Pleno un partido adicado á "asignación económica al patronato de fomento al euskera"; e os pais ían pedir igualdade da escola dos seus fillos coas escolas estatais. A española aduce que a "ikastola" non era legal (vaia vostede saber por que) e que non podía ter o mesmo trato que as escolas estatais. E os pais, claro, armaron. A que se montou (nós lémolos no "Faro de Vigo") debeu ser boa.

E é que, se esto é igualdade e resposta ás ampulosas declaracións oficiais, que veña Otero Nomás e o vexa. Como se ve, xa se sabe, que hai pais e pais...



FIZ VALCARCEL

RENOVE A SUA SUSCRIPCION



Renove a súa suscripción tan pronto chegue o reembolso así evitáranos novos gastos de envío.

O novo precio sera de 40 pesetas, a suscripción anual de 2.000 e a semestral a 1.000 pesetas, precio que por agora non afectará aos cobros pendentés.

A NOSA TERRA

Rua da Troia, 10-Primeiro  
Teléfono 981-582613  
Apartado 1.031 - SANTIAGO  
O Núm. da nosa conta no Banco Pastor de Santiago: 106.735

XURXO FERNANDEZ

Unha fendedura en Salas

¿OS EMBALSES, UN PERIGO?

*Galicia está cuberta de presas prantoelectricas. Millóns e millóns de metros cúbicos de agua contida que poden ser un perigo para os pobos afincados por debaixo do dique perto do río, e para outros arredor por efectos do vento. Capitais como Ourense poden desaparecer debaixo das augas e senón, lembremos o accidente da Zamora.*

*As medidas de seguridade son grandes, segundo as empresas, pero tamén o eran nas centrais nucleares, o que non sacou que se produciran máis de dous accidentes. Tamén aco, en xaneiro do ano pasado unha boa parte do Ribeiro quedou asulagado ao abriren as comportas do salto de Albarellos. Está considerada como unha operación moi normal e días atrás os poboadores do val do Río Salas tiñan medo, porque non sabían o que pasaba no embalse do mesmo nome. Ao pouco xa non había perigo, o embalse ficaba seco... Tocante a que se responsabiliza da seguridade das presas, o Ministerio de Obras Públicas inspecciona as condicións do dique os dez primeiros anos desde a súa construción, depois son as empresas as encargadas de vixilar as instalacións.*

EN SALAS ABRIUSE UNHA FENEDURA

Os veciños dos pobos da ribeira do Salas hai poucos días tiñan medo. Algo pasaba no Salto de Salas. Non sabían o que era. Especulouse con que o dique cedía ao peso das augas, que se abría unha fendedura lonxitudinal no cemento que seica son as piores.

As versións populares eran certas, ao muto romperalle un estribo, o que orixinou que se abría a rachadura. Pero non pasou nada. Os técnicos din que non podía pasar nada, que todo estaba baixo control.

Agora xa seco o encoro estanno arranxando e "vai que-


dar como novo. Non houbo nin vai haber perigo algún." Os embalses, segundo nos informaron, teñen uns instrumentos de alta precisión. Cada anomalía, de calquiera orde, que se produza, o taboleiro electrónico rexistra a; alcéndese unha luz roxa e os encargados saben axiña do que é e en que parte da presa ocorreu". Todo está baixo control. Nada pode ocorrer sen que sea rexistrado nos controles. Nen un movemento de terra nen se unha pedra choca contra a parede".

¿TODO BAIXO CONTROL?

As empresas teñen tamén todo

un equipo dedicado a comprobación do estado de cada embalse. Semanal ou quincenalmente uns empregados comprobando o estado do cemento, miran a súa resistencia, a temperatura da agua, o nivel e outros datos que logo envían, no caso de FENOSA a Coruña, onde físicos, químicos, peritos, inxenieiros e demais persoal técnico, axudado por ordeadores, comprobando todo e dan as instrucións que sean factíbeis.

Unha operación que preocupa bastante a xente que ten noticias da súa realización e que segundo o técnico "non ten importancia, sendo unha operación normal", son as infiltracións de cemento, que se realizan frecuentemente nos diferentes muros de contención dos embalses.



Estas inxeccións teñen por finalidade taponar as gretas que sempre quedan de cando a construción e que se ven ao descuberto por causa dos axentes meteorolóxicos. "Non teñen nada de particular e son unha operación rutinaria".

OS ACCIDENTES SON POSIBLES, LEMBREMONOS DE ALBARELLOS

A experiencia di que aínda con todas as medidas de seguridade dispoñíbeis, nunca se pode afirmar que non é posíbel un accidente imprevisto. Máis medidas de seguridade que din ter as centrais nucleares non se dan nunha presa prantoelectrica, así e todo en Harrisburg produciuse un accidente, as medidas e os controles estremáronse, o que non quitou que aos poucos meses se producira outro escape.

OS ACCIDENTES SON POSIBLES, LEMBREMONOS DE ALBARELLOS

Fixo un ano que boa parte do Ribeiro quedou asulagada baixo as augas do río Avia, a crecida non se produciu por moitas choivas nen por outras causas naturais. FENOSA decidiu abrir as comportas de golpe, xa que o embalse sobrepasaba a capacidade, e as cepas quedaban debaixo da agua, os pipotes marchaban coa crecida, as casas enchíanse de agua... ¿Sobrepasaba os índices de seguridade, ou foi unha idea arbitraria? De todas as maneiras o feito está aí, recordándonos Za-

mora e que non son tan imposíbeis as traxédias.

O ESTADO, REONSABEL

Os embalses, ademais da súa finalidade práctica, cumpriron outra: ser unha especie de monumentos do franquismo. Franco, sempre temeroso de que se borrase pronto a súa memoria, deulle por promover grandes obras que o fixeran recordar. Algun dos embalses tivo a súa predilección, como foi o de Belesar, segundo de Europa no seu tempo. Alá foi á inauguración, descubriu unha gran placa pegada a un monolito chantado no medio dunha fonte luminosa. Todo grandiosidade. Fontes, xardíns, suntuosas iluminacións, ¿para que?, ¿para producir enerxía?

O Goberno hoxe, segundo as nosas informacións, tampouco se recorda moito destas obras. O MOP encarrégase de revisalas durante os dez primeiros anos. Depois os encargados son as empresas. As mesmas empresas que non tiveron escrúpulos ninguns en asulagar os millores vales con tal de ter menores costes e meirande os beneficios.

Se con só abrir as comportas do embalse de Albarellos que ten unha capacidade útil de 89,5 Hm<sup>3</sup>, produciu os danos que se viron, se pasa algo no de Belesar, por pór un exemplo, que ten de capacidade útil 606,4 Hm<sup>3</sup>, ¿qué pode pasar?.

B. LAXE



Estado en que quedou o Ribeiro despois de que lle abriaran as comportas ao Salto de Albarellos.

XURXO FERNANDEZ

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Edita: Promocións Culturais Galegas, S.A.

Comisión de Fundadores: Acosta Bèiras, Xoaquín. Fontenla Rodríguez, Xosé Luis. López Gómez, Felipe Senén. Morales Quintana, Xosé Enrique. Varela García, César.

Directora: Margarita Ledo Andión

Redactores e Colaboradores: Xosé Ramón Pousa, Antón L. Galocha, Lois Celeiro, Pablo Viz, Paco Arrizado, Fernando Franco, Ignacio Briset, Suso Piñeiro, Guillermo Pérez, F. Cusí, Xosefina L. Corral, Emilio Veiga (Países Catalans),

P. Iparraguirre, Maialde (Euskadi), María Alonso (España), Carlos Durán (Londres), A. P. Dasilva (Porto), Juanjo Navarro, Llatzer Moix, Patiño, Vázquez Pintor. Diseño e Confección: "Galicia, Estudo e Formas".

Fotografía: Brais, Carballa, Xurxo Fernández, Fernando Bellas, Publicidad: Antonio Fdez. Torrón Tfno. 582613

Dibuxos: Xoaquín Marín, Xulio Maside, Alfonso Sucasas, Xurxo Fernández, P. A. Estevez, Fiz Valcárcel, Pepe Barro.

Redacción e Administración: Troia 10-primeiro Santiago Redacción: 582681 Administración (de 10 a 14): 582613.

Imprenta: "La Región, S.A." Offset C. Quiroga, 11-15. Ourense Dep. Legal: C-963-1977

Distribución: A Coruña, Librería CO-LON. Real 24, telf. 222206. Santiago e Lugo, PRENSA NACIONAL. Telf. 583456. Pontevedra, Librería CAO, Telf. 855374. Vigo, Distribuidora VI-GUESA, Telf. 414570. Ferrol, Distribuidora VELO, Telf. 357707. Ourense, Vda. de Lisardo, Telf. 230218. Bilbao, Distribuidora Vasca, Telf. 4231933. Barcelona, F. Rafales Artal, Telf. 2433658.

## O AFANOSO DESCOIDO DOS AEROPORTOS GALEGOS

Se vostede, que xa coñece o comportamento das compañías privadas que utilizan instalacións públicas como o son os Aeroportos, coñeceas astra neses pequechos detalles de tirarlle o libro de reclamación aos fuciños, aplicando aquela frase publicitaria de "axúdenos coas súas suxerencias" ou que teñen cara dabondo para informarlle de que o seu vó non sal "por folga de tripulantes" e deso non hai nada; se vostede, que tenta separar os intereses lucrativos dos que explotan o transporte aéreo dos do Ministerio público, empeza a percorrer as instalacións aeroportuarias de Galicia abofé que lle costaría acertar quen ten menos interés en que moitas cousas non se regularicen e en que outras, coas inversións axeitadas, non se milloren sustancialmente, mesmo en aspectos que non son de risa como os de axuda á navegación aérea e que sirven para valorarmos as condicións de seguridade dun Aeroporto.

Nesta andaina, poida que o que máis lle chamara a atención, collendo o exemplo de Labacolla, fose o abandono de algo tan importante como é a torre de control: uns aparellos envellecidos e a médio funcionar a outra metade esta estragada; a auga que entra por varios recóbecos, a orientación da porta do fanal como parachoques dos temporais... semella a ambientación adecuada para que poida considerarse normal que os controladores non contén siquer cun cronómetro. Dispoñen, eso si, desde hai varios anos, dun alaraxado despertador de mesilla que fai o que pode axudando a dura tarefa de "controlar por tempos".

Despois, ao descer da torre un xa empeza a dubidar da distribución de presupostos que fai Aviación Civil dentro do Ministerio de Transportes e de se hai algunha caste de preocupación

polas condicións nas que saímos deste país ou voltamos perto de 800.000 pasaxeiros ao longo do 1979 desde Santiago. Entón, co sentido de observación máis espelido, vostede fixase na ubicación da oficina de meteoroloxía, de costas á pista; na falta dun observatorio de cabeceira de pista que, entroques instalan en zonas de meteoroloxía "seca" e remata por lembrar que hai cousa dun ano "vimos como un avión tomaba terra pola pista norte e outro estaba na outra cabeceira a piques de despegar, non pasou nada pero era un risco inútil e doado de solventar facendo plataformas de seguridade, "plataformas de espera" nas que as aeronaves poderían manterse listas para despegar sen estorbar outras maniobras coma a que mencionamos de aterrizar.

Falando das cabeceiras de pista e mesmo dos camiños de







M. LEDO

rodadura e vai en serio, a pouco que ún sefixe —despois foinos confirmado por personal do aeroporto— mira que non hai lámparas, si, esas bombillas encarnadas que están no chan, que non se repoñen con celeridade, que se chega a inutilizar algunha pista, por exemplo a 36, por quedar fora de servizo dende hai meses o sistema de iluminación para apro-

ximación de precisión. E todo polo abandono de repostos nunhas instalacións que son públicas, cuxo cuido é de responsabilidade estatal pero como lle ouviamos a un funcionario "non se sabe se a inversión en diñeiro sería compensatoria". O asombro é xa total. ¿Non compensa un cronómetro para control, unhas lámparas para as pistas...? Como tamén compen-

saría sinalizar as áreas de aparcamento e vixilar o movemento de vehículos que son un perigo constante para viaxeiros e aeronaves, —abondaría pensar que os camiños de CAMPSA van suministrar carburante por aí adiante sen levar siquer comunicación por radio— ou planificar un chisco as obras para que non lles pase como a aquel camiño de rodadura que levaba tempo fora de servizo e pouco días antes de encetar as obras para dotar de máis firme á pista reparárono. Pero ao cabo dunha semana houbo que levantar todo de novo.

E nestas condicións, cada ano incrementase o movemento de tráfico aéreo, —No 79 aumentou un 2 por cento na Coruña e Vigo, un 19 por cento en Santiago cun número de movementos de 1.125, 1.087 e 8.263 respectivamente, entre vós regulares cara o Estado e o Mundo e vós charter— e os usuarios seguimos protestando ao millor polo prezo dos xelados no bar ou que non funciona a máquina de tabaco, todo máis que se retrasan saídas ou que un queda mangado nunha sala sen recibir información de como vai continuar viaxe. Pero o nó de todo isto é como encara isto do transporte aéreo o ministerio correspondente e moi en concreto como o encara referido ao noso país,

**AS CERAMICAS DO CASTRO  E AS DE SARGA  DE LOS \* ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA  E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS **

**ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS**

## ACORDOS CEE-ESTADO ESPAÑOL O SECTOR PESQUEIRO RESPOSTA

A historia das 200 millas escomenzaría cando alá polo ano 1974 Chile e Peru proclaman a soberanía sobor das súas augas, así como o dereito aos recursos naturais e minerais das súas augas. Tres anos máis tarde os EE.UU, a URSS, a CEE... proclamaban a soberanía sobre as 200 millas.

Ao mesmo tempo, o goberno español poñía unha boa chea de medidas, de contido claramente restrictivo, e de cara a favorecer as medidas monopolistas que ían esnaquizar a nosa pesca. Doutra banda, o Estado español non entabla ningún tipo de negociacións coa CEE senón que adoptaría unha postura de concesións de cara a servir os seus intereses, tan ao marxe dos intereses da pesca galega. Pola contra, o mesmo Estado aseguraba que os problemas cos que se podería topar a pesca galega solucionaríanse na medida en que se producira a entrada na CEE. Nembargantes, as 200 millas ían supor o total esfalamento da pesca galega.

O que nun principio se tratou como a posibilidade de algunhas reducións nas licencias vense a converter hoxe nunha realidade que pon nunha perigosa situación a pesca galega. E así as cousas, os armadores galegos tenta pro primeira vez de reunirse de cara a solucionar os graves problemas e reivindicar unha millora nas condicións que a CEE quere impor a nosa pesca.

Neste senso, o acordo firmado pola CEE e o goberno español o 4 de febreiro non foi aceptado pola Asemblea de armadores da Coruña e Vigo por consideralo

discriminatorio respecto da nosa pesca. No acordo firmado concedéronse 168 licencias para as zonas 6, 7 e 8.

Doutra bande, é de salientar que dos 500 barcos de pesca que hai en todo o Estado, Galicia dispón aproximadamente de 168, repartidos entre a Coruña (120) e Vigo (64).

As razóns que alega a CEE de cara a restrición das licencias baséanse en necesidades biolóxicas, pero que de ningún xeito poden chegar a ser tan drásticas para que se reduza a tan poucas licencias. De telón de fondo están os intereses económicos que a toda costa tenta de salvar o goberno español. Outra das razóns vén dada pola redución que estaban a sufrir os stoks de merluza. Nembargantes, a merluza que captura a flota de Vigo non ven a supor máis que un 5 por cen do total da súa pesca. Pero si se verían restrinxidas outras capturas como son a do galo que representa un 45 por cen, o rape un 14,7 por cen, o pulpo un 5,7 por cen... Asimesmo, as medidas adoptadas pola CEE e aceptadas polo goberno español, van traer consigo aminoramento na versatilidade, é dicir na capacidade de modificación para actuar noutras áreas. Pola contra, o acordo crea novas cargas financeiras para os barcos, como por exemplo ter que manter, coa categoría de capitán, un observador posto pola propia CEE. Se ben aos barcos galegos se lles otorga a zona 6 para levar a cabo as súas capturas, zona, por outra banda, descoñecida para os nosos armadores, négase-lles a zona 7, situada a altura do

País Basco, que é onde poderían traballar. Neste senso, o acordo tamén autoriza a creación de Sociedades Mixtas, rexeitadas polos armadores, xa que pasarían a mans doutros países.

Asimesmo, estas Sociedades Mixtas poderían desembarcar a mercadería nos nosos portos, o cal ven a supor unha gran competitividade. Feitos todos estes que se verán agravados porque o acordo autoriza tamén a importación de peixe a Galicia. Así é preciso sinalar que xa entre o 1 e o 10 de febreiro lévanse importadas máis de sete mil toneladas de peixe.

Tal estado de cousas, os armadores adoptaron como medidas a esixencia de non faenar na zona 6, a concesión dun cupo de especies asociadas que esté en proporción coas nosas capturas tradicionais. Ademais esixense cretos e subvencións de cara a construción de terminais, así como un barco de introspección continua que posibilita descubrir novos caladeiros. Mesmo cretos do IRESO (Instituto para a Reforma das Estructuras Comerciais) de cara a promover novas canles de comercialización da pesca máis axeitados.

A postura dos armadores amosa unha crítica a todos os organismos relacionados coa pesca, pola súa inoperancia á hora de artellar solucións de cara o conflito, así como a denuncia do asolamento dun sector que non tería porque estar nunha precaria situación económica, como a que hoxe está a padecer.

## crónica política

*E preocupante o feito de que uns intelectuais matinen na formación dunha candidatura para as eleccións ao futuro Parlamento Galego, dentro do marco autonómico previsíbel. Non é que os intelectuais non teñan dereito á participación e á actividade políticas. Ao que non teñen dereito é ao oportunismo e a aumentar o confusiónismo existente.*

*Amosarse, en calquera parte e ocasión, pero moito máis aquí e agora, por enriba de todo interés partidista, utilizar nomes de aureola galeguista, creados propagandisticamente en nome da cultura nacional, como garantía de ecuanimidade e responsabilidade, insinuar que a propia actitude é altruista, ao marxe de toda política, coa suposta meta ideal de Galicia por riba de todo, non son máis que trécolas para embaucar e confundir un sector importante da opinión, utilizando unha nova careta.*

### APROVEITAR O SENTIMENTO GALEGUISTA

*Préstaselle un cativo servizo ao país cando se dificulta a súa clarificación, a súa politización real, cando se esconden os persoalismos e protagonismos en supostas causas salvadoras transcendentales, cando se dá marcha da nosa nación (xa que o noso sería un problema axclusivo e determinantemente cultural)... E grave esta actitude porque estaríamos axudando a desnortar os anceios populares e, concretamente, manteríamos a posición máis fraudulenta co electorado.*

*Ninguén minimamente honesto pode negar a clara definición política práctica na súa actividade pública dos nomes que se barallan como promotores desta idea. As súas posicións enmárcanse no liberalismo galeguista ou, noutras palabras, no autonomismo e galeguismo europeísta, espectro que hoxe ten unha clara representación no PG. Os motivos estarían en que esta ubicación clarificaría o seu significado cara a opinión pública. Parece que estamos, pois, ante unha manobra confusionista: aproveitar o prestixio e prominencia sociais adquiridos, potenciar o elitismo, a ambigüidade e o apoliticismo. Os intelectuais que merezan o nome de tales, é evidente que non poden colaborar nesta tarefa.*

### FOXO, OS PAIS PRIVAN IR A CLASE

*Vai para quince días que os nenos de 4 curso do Coléxio Nacional de Foxo-A Estrada non asisten a clase. Trátase duns nenos aos que os seus pais privan do dereito social á educación, co beneplácito da Inspección do Estado. Estamos ante uns pais, maioritariamente manipulados e presionados pola reacción e os múltiples resortes do colonialismo, para que, con apariencia de liberdade e decisión propias, impidan a utilización do noso idioma no sistema educativo. Por riba do compromiso dereitista e policial duns poucos pais, da irresponsabilidade, ignorancia e medo de moitos e da valentía e firmeza de moi poucos, debemos fixarnos na existencia dunha lei -o Decreto de bilingüismo- e dunhas institucións (Inspección, Comisión Mixta, Delegación, Ministerio de Educación...), en fin, de toda unha política gubernativa, xeneradora, patrocinadora e orquestadora da escalada represiva en materia lingüística, isto é, en materia de dereitos sociais, colectivos, nacionais. A promoción e amparo de condutas anti-sociais e anti-galegas deica extremos de irracionalidade manifesta preséntanse en nome da "liberdade", da "democracia" e do "respeto" preparados pola Constitución española. A nosa sociedade, máis clarificada colectivamente e consciente dos seus dereitos do que os seus propios opresores e enemigos queren facernos creer, terá que dar resposta contundente a política tan gravemente agresiva.*

## ALUMINA: ¿PARA ONDE A PLANTA DE LAMINADO?



PACO ARRIZADO  
Lugo

En 78.322 millóns de pesetas calculaban a primeiros do ano 76 o coste total da factoría Alúmina-Aluminio de San Ciprián, contruída e posta a funcionar. O Director da factoría desglosábanos as cifras, e engadía que eran todas elas "estimativas", e tendo en conta que ningunha das dúas seccións estaban a funcionar a tope. A sección da Alúmina está se se rematar, e a de Aluminio téna funcionando nada máis que unha serie, estando previsto o remate

da outra para os vindeiros abril ou maio.

Estes días de atrás, e maiormente durante o desenrolo da folga dos traballadores da factoría, correuse por Lugo o rumor (ou bulo), de que a Planta de Laminado de Aluminio podía marchar para terras asturianas. E o Director non dixo nen si nen non. Nen oficial nen extraoficialmente pode decirlle nada. No total de ENDASA mirárase (despois de estudalo) onde máis conviña a construción da planta e todo eso. Non o demos quitado de aí. E entramentras, hai unha fonda preocupación popular arredor do tema.

A cousa téna dúas vertentes: ou ben foi un bulo que se largou de cara a presionar o fin da folga via preocupar á poboación, ou ben estamos a asistir á repetición da historia de sempre: que a s partes do proceso de fabricación de baixo consumo de enerxía, fornecedoras de moitos postos de traballo en relación co capital invertido e de baixos índices de contaminación, marchan para outros lares. E coa peor parte do "pastel", temos que cargar nós. E neste caso, pode que 1.200 postos de traballo, para unha inversión de 6.000 millóns de pesetas, marche para Mieres. Hase saber.

resumes

**UN RUMOR.**— Recollido polo xornal madrileño "El País" da como probábel a formación dunha nova organización política de ámbito galego, na que estarían persoeiros do galeguismo tradicional e conservador, como os señores García Sabell, Dónega, Casares, Piñeiro, etc., que sempre tiveron a gala estar "por enriba dos partidos políticos"; o obxectivo parece ser as futuras eleccións ao Parlamento Galego, o grupo político que pode nacer tería con toda probabilidade un carácter máis conservador que o actual Partido Galeguista.

**AS ULTIMAS "FAZAÑAS" DA UGT EN GALICIA.**— En Vigo, no Metal, quere a UGT ter como mínimo a mesma representación da central maioritaria CC.OO. —lembramos que en "metal de menos de cen" a UGT non chega a ter a representación mínima, na provincia de Pontevedra, para negociar segundo o propio "Acuerdo marco" firmado por dita central ca CEOE.

En Ourense, ca UGT, minoritaria, espulsada das negociacións do Convenio do Metal pola propia asamblea de traballadores, cunha folga convocada polas centrais maioritarias CC.OO. e ING na maior parte das empresas do sector; a UGT convoca unilateralmente a patronal pra negociar o Convénio e adicase a desconvocar a folga por onde pode, co argumento de que é ilegal —usado pola patronal— entre outros.

Estase asistindo a unha cada vez meirande coincidencia de obxectivos e de argumentos entre a patronal e a central pseocialista.

**FIRMADO O CONVENIO DA ALUMINA.**— Cun salario mínimo para a categoría menor de perto de 50.000 pesetas, superando os topos salariais do Acuerdo Marco CEOE-UGT; a loita polo Convénio foi dunha gran dureza. O Comité de Empresa compoñeno CC.OO., ING e independentes.

**MANIFESTACION EN XINZO DE LIMIA.**— Convocada por CC.LL. concentrou entre os seiscentos e oitocentos labregos, segundo estimacións, co obxectivo de chamar a atención sobor da situación opresiva do sector, acentuada polo Estatuto do Leite e a futura entrada do Estado Español na CEE.

**O SR. SANCHO ROF DI QUE EN DOUS ANOS FARASE A PONTE DA ILLA DE AROUSA.**— O ministro de Obras Públicas e Urbanismo e Presidente da UCD pontevedresa así o manifestou na súa última visita a provincia que lle déu os votos para o parlamento, a ver se é verdade e non é só un xeito de seguir á procura de votos.

**O PG DESVENCELLASE DE UNIDADE GALEGA.**— Así o indicaron nun comunicado na Coruña, espresando que, pacto municipal aparte, seguirían a súa propia liña, "galega", "democrática" e "interclasista".

O ANTROIDO VOLVE



ENTERRO DA AUTONOMIA

O Antroido deste ano 80 pasará á historia coma o da recuperación, discreta si, pero masiva, da troula na rua. Ben se sabe ao que quedara reducida a nosa festa lúdica por excelencia, conservando a súa vitalidade en catro ou cinco vilas coma Laza, Viveiro... e en aldeas e lugares, e quedando nas cidades circunscrita aos "bailes de disfraces" que as diferentes sociedades máis ou menos de clase ou algunha que outra saía de festas celebraba.

Houbo ao longo de todos estes anos quen así e todo saíu á rua disfrazado nalgunhas cidades, dando a nota de que nalgún tempo nefeuo houbera antroido na rua. "O Trangallán" de Ourense



"O TRANGALLAN"

foi un deles, e faciao "para que non se perdera, anque só seña porque cando unha ditadura proibe algo, tén de ser bon á forza". Un ano tras doutro, este popular personaxe saíu "correla", moitas veces el só, outras con pouca compañía. Pero este ano, o antroido cidadán deu a medida da revitalización posíbel das nosas manifestacións culturais, sempre que realmente seña de arraigamento popular. Os "Enterros da Autonomía" que organizou a AN-PG, as comparsas das AA. VV., e o improtante número de "máscaras" que apareceron polas ruas de Ourense, A Coruña, Santiago, Lugo,... e moitas vilas, deron a proba de que, péselle a quen lle pese, o Antroido volve.

POLITICA AGRARIA: CONTESTADA NO COMENZO

No mes de xaneiro, as Comisións Labregas encetaron una campaña en contra da política agraria do Goberno. Despois de dúas concentracións, en Becerreá

e máis Verín, o enfrentamento cos proxectos gubernamentais concretáronse en feitos concretos, como a esixencia de que os

servicios estatais aos labregos (caso do SENPA en Lugo) funcionaran a xeito, saíndo ao paso do comenzo do deterioro deste servicios en beneficio dos privados. E

nos últimos quince días, as CC. LL volveron convocar a movilizaciones incidindo en problemas concretos (precio da carne, SENPA) e a prol da consigna de-vandita, "Contra a política agraria do Goberno".

O SENPA, "A EXTINGUIR"

O día 11, xuntábanse en Santiago os Delegados Provinciais de Agricultura, o xefe e Delegados Provinciais do SENPA, os Presidentes das Cámaras Agrarias Provinciais e máis o Director Xeral

do FORPPA, e o día 12, martes, samente os titulares provinciais do SENPA e as CC.AA. Entramentras, 300 labregos da comarca centro de Lugo xuntábanse en asamblea nos locais da AISS da capital luguesa, en orde a tratar os problemas do suministro do SENPA e a política agraria do Goberno. Desde alí, marcharon cara a Delegación de Agricultura, onde os recibiu o Xefe de Producción Animal. Fora, suxeta á Muralla, deixarian unha pancarta que levaban, co texto "Queremos o SENPA ao servico dos labregos.

Fora estraperlo". Ao día seguinte, unha Comisión visitou ao Delegado, xa de volta de Santiago, que veu decindo cousas coma que "Si entramos en la Comunidad Económica Europea, como tenemos que entrar, tiene que desaparecer el comercio de Estado, y por lo tanto el SENPA".

Entre os acordos da xunta de Santiago, figuraban, segundo recellemos, tres propostas das CC.LL, a saber: apertura dun almacén en Guitiriz, aumento do cupo por cabeza de gado e máis a remesa decontado de 10.000 Tm. de millo e outro tanto de cebada. E outra das propostas en relación co SENPA motivou unha xunta do Presidente da C.A. Provincial cos das diferentes CC. AA. municipais sábado 16. A proposta era de pasarlle a distribución dos produtos do SENPA ás Cámaras Agrarias. A reacción destas foi de oposición, en base ás dificultades que conlevaría (falta de basculas, de quen atendera o servico...), e parece que o Ministerio, de momento non se dá desfeito do "morto".

MAIS CONCENTRACIONES

En relación co mesmo problema do SENPA celebráronse asambleas no Cádavo, localidade da montaña luguesa, con máis de 150 labregos, e máis nos propios almacéns do servico en Monterroso, con 300 asistentes. E seguindo no capítulo de movilizaciones, dentro da mesma campaña ("Contra a política agraria..."), houbo concentracións labregas na Fonsagrada (300 persoas), Cospeito, na Terra Chá (350), Baralla (máis de 100) e Xinzo de Limia (menos de 1.000). E á espera das manifestacións do mes de marzo, o sindicato nacionalista ten anunciadas concentracións semellantes nas localidades de Maceda e O Carballiño.

carta entreaberta

Unha revista bifida

Querida Directora:

Inventaron unha nova revista, e non tiveron outra ocurrencia ca facela bilingüe. O millor pensan tamén con Otero Nomás que Galicia é un país bifido. Preténdese ouxetiva, co pretexto de poñer a parir tres veces A NOSA TERRA, e teñen a triste ouxetividade de facer unha revista contemporizadora, bicorne. Esfuerzo perdido de varias persoas das que un agardaba cando menos o radicalismo de deixar ben sentado de que Galicia é unha terra, un pobo e unha fala. Cartos e esforzo botados ó mar, ou millor dito, ó marasmo da incongruencia. O título de Galicia 80 queda presuntuoso e desmesurado nalgo que non é Galicia nen España, senón un híbrido inaceptable na década aludida.

Galicia non tén lugar máis ca pra unha fala. Eu pensaba que samente a dereita máis reaccionaria podía suster infundios bilingüistas coa cara destapada. Mais agora e xa que eles faloron primeiro da filiación política de A NOSA TERRA permitome eu falar da deles conspicua xente do PC e algúns máis ben do lado da UG embárcase na ambigua aventura de facer unha revista galega, editada en Ourense, pra facerlle o caldo gordo á lingua do imperio, aplicando na práctica a filosofía da constitución española. O millor aínda poñen o respecto á "liberdade"



como motivo: a liberdade de desunir a desgaleguizar, a liberdade de amortiguar a loita das linguas, da lingua imposta e da lingua natural, que só pode terminar de dúas maneiras: coa derrota do galego ou coa victoria final.

Querida Directora, quen queira escribir en español, que escriba en periódicos españoles coma EL PAIS ou LA VOZ DE GALICIA. Quen queira que se lle respecte o seu "dereito" a espresarse en español, que non se pretenda galego.

Que non nos veñan agora co embeleso das ventaxas de saber dúas linguas, que con isto xa nos deron faterna tempo abondo. E hora xa de saber que somos galegos e que polo tanto non somos españoles. E hora de deixar ben claro que

España limita ó oeste con Galicia e con Portugal.

Que hoxe un edificio público na nosa nación ondee coa bandeira española é pura e simplemente un insulto a unha patria asoballada. E un insulto que vén pola forza e que non nos humilla. Mais se ó carón da bandeira imperialista ondea vergoñenta unha bandeira galega sen estrela por suposto, o insulto agrávase coa humillación, coa vergoña, co sumetemento. Por eso un galego debe só estimar que ondee a bandeira patria en solitario, con ou sen estrela.

A lingua é tamén unha bandeira, unha bandeira proletaria e labrega, unha bandeira popular e mariñeira, herdo de nós que o vento negro da historia non puido borrar. Eu pídlle ás persoas que fan Galicia 80 que mediten, que se afirmen en que viven nunha nación que tén unha lingua, que rectifiquen agora que están a tempo. Que fagan unha revista galega. Que se metan canto queiran con A NOSA TERRA. Pero, por favor, que se metan con ela en Galego.

Facer bilingüismo é un suicidio. O suicidio é, se se quere, un dereito individual das persoas. Mais un pobo non tén o dereito de se matar.

DARIO XOHAN CABANA



*"Non sei si fixen algo bón na vida como cantante, pero poidoche asegurar que se non empezara con "Els Setze Juges" a miña traxectoria podería ser completamente distinta".*

*LLuis LLach estivo en Galicia dando recitais en Santiago, A Coruña e Vigo. Das súas vellas cancións, "La gallineta", "L Estaca", "Campanades a morts", "Laura" ás dos seus últimos discos "Venim del nord, venim del sud", "Vida", os recitais viñeronse a converter na lembranza do que foron outros tempos a pesares de que estes, como o mesmo Luis dixo, "non é sio, compañeiros, non é iso".*

## LLUIS LLACH

### A evolución creativa xunguida á persoal

**Tu formaches parte de "Els Setze Juges", ¿cómo se produxo a tua entrada?**

Eu entrei no ano 67, fun o número 16 xunto con Maria del Mar Bonet e Subirachs. "Els Setze Juges" naceu no ano 60. Preocupados polo problema lingüístico-cultural que despois de vinte anos de opresión a raxatabla exercida polo franquismo, pensaron nalgún medio de comunicación que non estivera maniatado polo Estado. Entón decatáronse de que a canción non estaba codificada, de que era un medio de comunicación non previsto dentro das estruturas represivas do Estado... E así se puxeron a cantar persoas que vocacionalmente non eran cantantes. Eran persoas que formaban parte do mundo universitario, do mundo literario, cinematográfico..., e uns millor ca outros escomezaron a cantar en catalán e crearon, polos anos 59-60, o movemento da Nova Canço. A preocupación primaria foi a lingüística cultural, despois, coa chegada de Raimon, radicalízase a cuestión e pola súa propia canción sácase como conclusión que ese problema lingüístico-cultural non era máis que a consecuencia dun problema político. Entón a Canço radicalízase e vaíse un pouco á esquerda. Cando eu entrei a formar parte do grupo a Nova Canço xa incidira moito no público. Non sei si fixen algo bon na vida como cantante, pero poidoche asegurar que se non empezara a cantar con "Els Setze Juges" a miña traxectoria podería ser completamente distinta, porque non tería unha educación de cantante cun comportamento ético, ideolóxico...

**¿Como foi a tua posterior evolución, despois de "Els Setze Juges"?**

A miña evolución é imposible obxetivizala. Quizais isto sea máis fácil, e máis equívoco, para alguén do exterior que escoita os discos, que sabe en que ano saíron e que saca as súas propias conclusións. A miña evolución é pura resposta a unha evolución persoal. E dicir, cando ademais de interpretar se é autor non se pode illar a evolución creativa da evolución persoal e, doutra banda, obxetivizar esa evolución é imposible.

**¿A hora de compor tes en conta unhas posturas éticas, culturais...?**

Non, non, á hora de compoer procuro estar o máis libre posible de toda coacción, sea intelectual, política, social anímica... Non me poño premisas nese momento, séntome diante do piano e comenzo. Despois hai unha autocrítica de análises, de profundización do que fixen. Entón aquí é cando intervéñ a autocensura respec-



XURXO FERNANDEZ

to da ideoloxía, do xeito de pensar e de ser que un ten...

**¿Pódese falar de raíces populares da canción catalana?**

Nen afirmar que a canción catalana basease en raíces populares nen negalo é certo. O certo foi que non se buscaron moitos as raíces, cada un foi comendo segun a súa formación musical. M. del Mar Bonet, por exemplo, si que afondou nas raíces. Pero eu non xa que nunca me plantexei isto voluntariamente. Nembargantes, unha certa consecuencia coa tradición musical a ten que ter, porque, pola contra, seríamos fungos espontáneos... e isto é ben difícil.

**Tu traballaches sucesivamente en varias casas discográficas. Concentric, Movieplay e Ariola, ¿cais foron as razóns destes cambios?**

Si, eu escomecei a traballar con Concentric. Reconozco que naquela casa de discos non me dera a coñecer ao público. Porén, chega un momento que vas tendo unha especie de drama poruq te ves obrigado a escoller entre limitar a tua actividade ao máximo ou deixar a xente que nun principio te apoiou. Así foi como cambiei de Concentric a Movieplay. Desta a Ariola, debido a esas cousas que se un che ofrece máis, que se teñen millores canles de distribución...

**Hoxendia actuas en recintos con capacidade limitada...**

Si, a razón fundamental é que o traballo que fagas chegue o millor posible ao público. Eu non me nego a actuar diante de tres mil

persoas, pero si a actuar onde para que collan esas tres mil persoas a acústica sea mala. O que acontece é que o preço que pagas para que veña máis xente é enganar un pouco á xente. Eu farteime xa que estiven a facer iso perante tres anos e chegou un momento no que non sabía que cantaba, era como si o fixera por sistema. Neste senso, a única razón pola cal eu canto en sitios pequenos é a acústica.

**Países Cataláns...**

E unha realidade histórico cultural e é un dereito de futuro político, que está prohibido pola Constitución, un dereito intrínseco non regulábel por constitución...

**¿De que xeito influíu a música no proceso de catalanización?**

Hai que pensar que dende o ano 60 astra o 76 o único medio de comunicación non controlado, o único que permitía xuntar a xente era a canción. Nós fixemos un papel substitutivo da televisión, da radio. Nese senso, no proceso de resistencia nacional catalana, dicen..., dicen os sociólogos, que foi moi importante. A verdade é que como estou tan dentro do allo...

**A democracia actual agudiza a súa represión sobre certos grupos sociais, ¿cais cres tu que son os que a sinten máis?**

A nivel de organizacións políticas os máis marxidados son aqueles que vislumbran a autodeterminación como un dereito das comu-

nidades. Despois hai un problema político que se ven arrastrando desde hai séculos que é a concepción moral-xudeo-cristiá-marxista-masónica, non sei se me explico ben, que é a da marxinación da muller, a represión de calquera conducta sexual que non sea a establecida polas leis, os códigos civís e penais. A homosexualidade está moi reprimida, a muller igual ou máis polo feito de ser muller.

**O mesmo sistema está a favorecer unha serie de tópicos como o do catalán burgués, o "nacionalismo" pequeno burgués catalán asimilado...**

Si o catalanismo fora burgués teríamos outro estatuto de autonomía, moito millor. Se realmente o centralismo pensara que a autonomía catalana val chegar a ser de corte burgués non tería tanto medo conceder verdadeira autonomía e non estas concesións de poder limpar as fachadas, facer parques naturais ou algun centro deportivo, ¿entendes?. Un poder económico non tería tanto medo a descentralizarse se creira que a autonomía catalana implica un desenrolo da burguesía catalana. Incluso a burguesía catalana, comparativamente, é unha burguesía con visión do seu papel e da súa decadencia no futuro, entón fai concesións que outras burguesías non fan. Isto é como cando decían que falar catalán era falar en burgués... Son tópicos moi rentábeis de cara a unha masa de xente que ten uns problemas pouco racionalizados ou profundizados.

**¿Qué é para ti o nacionalismo?**

Eu coido que o home está insertado, por sorte ou por desgracia, nunha comunidade natural definida por cuestións culturais, lingüísticas, xeográficas... A min o que máis me preocupa nesta vida é a realización do ser humano como tal. Considero que, incluso nunha organización social-represiva como é a occidental, o feito de que as comunidades naturais poidan desenrolarse é algo moi importante para este ser humano que está dentro da comunidade. E deste xeito, as comunidades deben ter as máximas posibilidades de autorrealización como fundamento para a realización do ser que vive nelas. E nesta especie de concadenación de consecuencias eu estou pola autodeterminación. E o pobo o que ten que decidir a via económica, política, social que quere seguir, non lle pode vir imposta nen condicionada por constitucións, po decilo dalgun xeito.

**¿Caés son os maiores atrancos cos que se topa o nacionalismo popular?**

E evidente que a herdanza do franquismo vaios condicionar perante moitos anos, que o que se chama "poderes fácticos" é unha espada de Damocles. O Estado español tería que plantexarse unha reforma de Estado, é dicir non unha reforma de medios exclusivamente políticos senón de como se entendería o Estado. Non se lles pasou pola cabeza de que a palabra federación de pobos, de nacións non racha esa unidade, a verdadeira, a da colaboura entre os pobos. E todo isto vano pagar tanto os que van en contra como os que van a favor.

**¿Qué papel está a cumprir Nacionalistas d' Esquerra hoxe en Cataluña, e tu dentro deste movemento?**

Nacionalistas d' Esquerra tenta de que haxa en todo o espectro social e político un partido que non depende nen de clase económica nen dunha estrutura de partido de Estado, que dalgun xeito sempre favorece ao centralismo. Tamén que diante da alternativa dun Parlamento catalán haxa unha forza que rache o mimetismo das Cortes de Madrid, porque o Parlamento catalán, se as cousas seguen así, pode que sea un reflexo do Parlamento de Madrid. Eu tomei boa parte no nacemento de Nacionalistas d' Esquerra e axudei despois co que na miña man teño como cantante.

XOSEFINA L. CORRAL

resumes

**UN TENENTE DE ALCALDE EXPULSADO DO PSOE E DO AXUNTAMENTO.**— A cousa ocorreu en Orihuela, a Corporación, igual que ocorrira co Alcalde de Valencia —tamén do PSOE—, limitouse a tomar coñecemento, dar conta á Xunta electoral e sustituílo. Igualiño que pasa na Coruña co Sr. Pombo, ex Bloque, soio que totalmente ao revés.

**INCENDIO DUN BUQUE NA RIA DE VIGO.**— Trátase do conxelador "Sil" pertencente á empresa PESCANOVA, de perto de tres milleiros de toneladas de rexistro, o barco tivo que ser remolcado mar adentro ante o perigo que supoñía que se incendiase o fuel-oil dos depósitos. A tripulación foi evacuada e considérase perdido o buque, cuxo valor é superior aos cinco centos millóns de pesetas.

**FINOU O HISTORIADOR MANUEL RUBEN GARCIA ALVAREZ.**— O falecemento ocorreu en Ribadavia onde o escritor vivía e traballaba como médico.

Considerado un dos mellores medievalistas de Galicia a súa obra principal é "Galicia y los gallegos en la Alta Edad Media"; García Álvarez, pertencéu a escola de Sánchez Albornoz de quen era amigo, a súa labourea desenrolouna practicamente en solitario sin recibir endexamais ningunha axuda de organismos oficiais prós seus traballos de investigación.

O desaparecido era membro numerario da Real Academia Gallega e do Patronato do Pedrón de Ouro, galardón que asimismo ganara no ano 1969.

**O LANZAMENTO DAS BASES.**— Moito bombo déulle a Prensa ao feito de que Bautista Álvarez presidente da UPG lle mandara un folleto contendo as "BASES CONSTITUCIONAIS", programa político do BNPG, a un dirixente do PSOE, no curso dunha mesa redonda que encol da autonomía celebróuse na localidade de Feñe. Bautista Álvarez declarou: "mandeillas pra que as lera, e pesan soio 25 gramos". Nen que foran un ladrillo.

**O PTG PODERA PLANTEARXARSE A SUA AUTODISOLUCION.**— Asegún teñen declarado algúns dos seus dirixentes, nun próximo Congreso a celebrar; as razóns derivaríanse da grave crise que sofre o partido, nacido da fusión entre o PTE e a ORT, a nivel de Estado, cuxa última expresión é a dimisión esta mesma semán de Eladio García Castro, antigo secretario xeral do PTE, da secretaria conxunta do novo partido.

**UN CABO PRIMEIRO DA GUARDIA CIVIL MORTO E UN SARXENTO GRAVEMENTE FERIDO EN LUGO.**— O suceso ocorreu nas proximidades de Vilanova de Lourenzá, cando investigaban un roubo dun coche; o presunto autor foi detido en Mondoñedo, ten soamente 19 anos.

ALDEAS INFANTIS: UNHA INSTITUCION CLASISTA

¿Que esta pasando na nosa sociedade para que organizacións privadas poidan misturarse en ámbitos tan públicos e de responsabilidade estatal como o é a educación e a cobertura das necesidades persoais e sociais dos nenos? ¿Qué intereses sirven estas organizacións "apolíticas" pero ideoloxizadoras e moi alleas á nosa realidade concreta na lingoa, no que "ensinan" e mesmo no entronque cos veciños da bisbarra de Redondela que non a ven con bos ollos? A dedución ha ser mais sinxela do que aparenta.

¿ QUE SON AS ALDEAS INFANTIS S.O.S.?

"As Aldeas Infantís S.O.S." acollen a nenos orfos e desamparados (preferentemente grupos de irmáns), proporcionándolles unha "nai" e un fogar que lle procura poder vivir e desenrolarse como os demais nenos.

Aldeas Infantís S.O.S. é unha obra internacional que naceu en Austria fai trinta anos. Miles de persoas fixeron posíbel a fundación de máis de cen Aldeas en todo o mundo.

En España abríronse os primeiros fogares en 1970.

En Galicia acolleuse aos seis primeiros nenos en 1975 e neste momento son 28 os que están habitando as tres casas existentes en San Martín de Ventosela (Redondela). Duas casas máis están esperando que haxa "nais" para atendelas.

APOLITICA, ACONFESIONAL, A...

Esta organización privada que se define como apolítica e aconfesional foi fundada por German Maines no ano 1949, vendo aos rapaces que quedaban desamparados despois de rematar a II Guerra Mundial. A primeira aldea xurdiu en Austria, pero hoxe o país que conta con máis é Alemaña federal.

Xurdiron como aldeas xa que cordaron entón que os rapaces, case todos con traumas, se podían recuperar plenamente se estaban só en contacto coa natureza.

Os catro principios básicos de Aldeas Infantís S.O.S. son: "Unha nai"... é a figura central da Aldea.

Un fogar... onde podan emprender unha vida propia...

Uns irmaos... en cada casa habitan de 8 a 9 nenos, de ambos sexos e diferentes idades.

Unha vida integrada na sociedade. Como os demais rapaces van a escola da localidade, xogan...

A SUA ORGANIZACION

A "Aldea" de Ventosela están integrados no Comité Español de Aldeas Infantís (unha en Barcelona e facendose outra en Madrid) con unha Presidenta Nacional que se integra a nivel da Federación Internacional.

A nivel concreto dunha Aldea o papel fundamental desempeña unha "nai" que ten ao seu cargo de sete a doce rapaces, anque o número ideal é nove, según eles o número pode variar xa que se trata de non separar



Núm. 1 Os rapaces máis pequenos veñen da escola na compañía dalgún dos máis grandes.



Num. 2 Vista de "Aldeas Infantiles" de Ventosela. En cada casa destas vive unha "familia" ao cargo dunha "nai".

aos irmaos de unha mesma familia. Se non hai "nais" temporalmente poden facer as súas funcións unhas "tías".

A nivel administrativo a Aldea está rexida por un Presidente (Rita Refojo), un Tesoreiro (Castro Comeselle), un Vicepresidente (Ma. de Gómez Landesa) O papel de "pai" faino un Director (Xoaquín Suarez).

Existe tamén unha Xunta Económica que é a encargada de que a Aldea subsista, acadando cartos por medio de suscripcións, vintecinco pesetas adiante, sócios protectores, rifas, tómbolas "e todo os medios que podemos". Tamén a Diputación Provincial de Pontevedra lles pasa unha pequena cantidade.

Figura especial son os "padriños", moitos extranxeiros, a collen baixo a seu padroado a un rapaz calquera, mándalles xoguetes, escribenlle polo cumpleaños e santo, ademais de invitalos a pasar algún tempo de vacacións a súa casa.

A MANEIRA DE VIVIR

"Trátase na Aldea que os rapaces vivan como nunha verdadeira familia, superando todos os traumas que puideron pasar" (hai rapaces que ollaron como o seu pai mataba a nai...). A cada nai dásele unha asignación, según o número de "fillos" que teña, para comida, roupa, material escolar, pasantías; cada un-

ha pódoo administrar como queira e ten perfecta liberdade para facelo, así como para educalos...

Acuden a escolas públicas e dedícanse, ademais a facer algún traballo agrícola, murteiros, plantas, cuidar porcos, en algunha familia etc.

Podemos ollar como os grandes coidan dos pequenos, os van buscar a escola, limpianos, etc, tamén fan moitas tarefas da casa. A televisión só a poden ver os venres, sábados e domingos "xa que os outros días teñen que madrugar".

A IDEOLOXIA DAS ALDEAS

Anque se profesan como "apolíticas e aconfesionais" o feito é que sirven en cada país a ideoloxía e a relixión dominante, no noso, aos rapaces, case todos de extracción rural, impoñénlles como lingoa o español: "Mira, eu sempre falei galego".

— ¿Logo por qué non o falias agora? — "E que me estou olfido. Na escola fálame en castelano, aquí tamén... sempre teño que falar o castelano, e voume a el. Pero gustar gustame ven máis o galego.

Anque as "nais" teñen liberdade para impor os seus criterios" quen o fai verdadeiramente é a Xunta Rectora, que é quen escolle e clasifica as persoas que se van encargar do cuidado dos rapaces. O control é riguroso.

1 Hai xente que di que por detrás de todo isto está o OPUS. Rita Refojo a Presidenta contestounos:

— "Pode ser que na xunta haxa xente do Opus, pero eso non importa nada. A xente que hai do Opus e como se fora doutra cousa, teñen as súas ideas e nada máis".

LIOS COS VECIÑOS

A Aldea infantil de Ventosela contruíuse en terros cedidos polo axuntamento, que segundo os veciños eran propiedade da parroquia. Acusan a organización de quererse quedar con todos os terreos, cerrándolles tamén o campo de fútbol que o pobo tiña feito, tamén de lles coller a auga sen permiso; de non deixar mesturar os rapaces cos da parroquia, de querer facer vida a parte, e califican as "nais" de "istéricas frustradas" xa que polo menos de nada mandalles a Guardia Civil, como xa pasou nove ou dez veces.

De Da. Rita Refojo din que fan todo ao seu antoxo e que nunca quixo recibir aos veciños para dialogar. Afirman que, a pesar de ser bastante terreo máis o da parroquia, na concesión especificaba os metros, que eles só queren que lles deixen o campo de fútbol fora. Din tamén que é unha institución clasista.

Anque algunha das nais afirma que non van a San Martiño a misa porque o cura "non nos quere cos rapaces", as mas lingoas apuntan que Da. Rita non nas deixa vir desde que o cura andivo embolto con duas

Pola súa banda, Rita Refojo, a Presidenta, afirma que todos son infundios, que alí no pobo "hai un que é o que os pincha a todos e os fai andar en lios"

"Ao cerrar o campo de Fútbol, seguemos decindo, foi para que non seguisen entrando os coches a facer prácticas como facían antes e que podían mancar a algún rapaz. Nos imos cerrar e deixarlles o campo fora, por iso non hai problema.

Pucheiro



## Equipamentos colectivos: OS TRANSPORTES PUBLICOS

Para definir o que son os equipamentos colectivos partimos (como teito do discurso posíbel sobre este concepto) do que se di no número 5 da revista Habitation, Urbanisme e aménagement des campagnes:

"As instalacións e os servizos colectivos sirven ante todo para dirixir a vida social"

E da definición de dotacións e equipamentos colectivos, dende o punto de vista de aquilo para o que sirven, ben podemos tirar a conclusión de que na nosa nación, os equipamentos colectivos, sirven para provocar e reproducir as formas de dependencia a que está sometida Galicia.

Decía noutro artigo (co pseudónimo de Xurxo Pambarro) falando da función das vilas no futuro modelo territorial que, a urbanización na nosa nación estabase a facer por un urbanizador que ten o poder político e co que o pobo galego mantén unhas relacións de dependencia colonial. Este urbanizador é a oligarquía monopolista española, e para a súa racionalización en canto á execución non é allea a esquerda española sobor de todo nas pautas culturais que fan dixeribeis as agresións.

E pois fácil de ver que o xeito de distribuílos, o xeito de negalos o mesmo que se nega o aire ou a auga para que un corpo viva, vai traer a potenciación de unhas determinadas zonas, en definitiva a potenciación de un determinado modelo de estrutura territorial.

A distribución de estes servizos vai coincidir sempre coa especialidade asignada a cada territorio, emigración con potenciación de servizos maternals e infantís etc.

En definitiva o **modelo de concentración escolar** ou a **negación de comunicacións ao interior** son claros exemplos.

No terreo dos transportes e das infraestruturas viarias, denantes de concretar nos transportes público, podemos dicir que tan soio se realizan infraestruturas para transportes, nos lugares e polos medios quen favorezan a maior explotación dos monopolios. Unha fluida saída das nosas materias primas e unha fluida entrada de produtos elaborados.

Por outra banda, é clara a interrelación entre as dúas rexións urbanas que están a ser primadas con concentración de capital, como son as de A Coruña e Vigo, con autopista para a súa mellor interrelación, ademais as cidades de Santiago e Pontevedra, e todo isto perfectamente comunicado con España.

### PARA UN TRANSPORTE PUBLICO AXEITADO

Tocante ao transporte público, que con unha total negación de medios por parte da oligarquía no poder, ten de tirar para adiante como seña, imos dar uns apuntes técnicos para a mellor comprensión das súas dificultades e solucións técnicas, as políticas penso que están claras. En canto ao transporte interurbano verémolo noutro traballo.

O estudo dos transportes públicos, e para poder chegar a unha posíbel solución, seccionámolo en dúas partes. a) Como ofertar servizos, transporte, e o seu aumento. b) Cal é



a demanda necesitada polos veciños, a súa racionalización e diminución astra o estritamente necesario.

A oferta ten tamén dúas partes diferenciadas:

**Unha é a construción da nova infraestrutura, e outra o mellor aproveitamento da capacidade que poida ter a infraestrutura xa existente.** Para ver iste posíbel aumento de produtividade é imprescindible facer un estudo da ordenación do tráfico. Isto conleva ao estudo dos desplazamentos con costas de orixe-destino.

Dentro da oferta poden ser estudados os distintos tráfico que utilizan unha soia estrutura e a posibilidade da súa separación.

- Separación segun as distancias dos viaxes (tráfico interno, tráfico externo)
- Separación do tráfico de peatóns do motorizado (ruas peatonais)
- Estudo para a súa eliminación, das barreiras arquitectónicas que ten cada recorrido
- Separación dos transportes públicos dos privados (carriles de autobuses)
- Separación dos transportes de mercancias dos de pasaxeiros (regulación das horas de reparto)

No que se refire á demanda de transporte, é **básico o estudo das horas punta. Horas punta para comercio, traballo, esparcemento e utilización dos servizos.**

Nas horas de maior demanda sobre a infraestrutura a oferta de transportes ten de ser tamén máxima, sendo este o teito de servizos necesarios nunha cidade.

Ao longo do día, esta infraestrutura, queda sen a utilización que faría rentabel, e non gravoso economicamente, o servizo.

Por iso, e partindo de que nas nosas cidades as horas punta non son única e exclusivamente as do traballo, é imprescindible o estudo das mesmas.

Se temos en conta, que debido a grande utilización que fan as vilas e o agro próximos as cidades dos seus servizos, ao non os ter nos seus lugares de residencia, e en concreto dos sanitarios, podemos citar como exemplo as horas de visita das Residencias como hora punta.

A redución dos desplazamentos do entorno ás cidades, a se servir neles, pasa pola creación dos necesarios servizos nas vilas. Dentro da cidade, a redución dos desplazamentos ven dada pola creación nos barrios dos servizos necesarios evitando así a necesidade de desplazarse a barrios mellor dotados.

### O MODELO DE CIDADE E A SUA INCIDENCIA

No problema do transporte non é difícil de ver que vai totalmente vencellado ao modelo da mesma que se tente de facer. A dotación aos barrios de mercados, escolas, etc. e a non concentración destes servizos en barrios privilexiados dentro da cidade faría menos necesarios os desplazamentos de uns barrios a outros. Dentro de todo o exposto comprender presente que, cos medios existentes en cada cidade, hai unhas prioridades para os barrios populares xa que as demais zonas privilexiadas teñen o suficiente número de vehículos privados como para desplazarse astra que cheguen mais medios.

Tamén o estudo de cada zona trae consigo un estudo de poboación (densidade de poboación e nivel de renta); estudo da motorización co o número de coches por habitante; as características do tráfico e as súas densidades con número de vehículos día e hora, etc.

Vendo todo o exposto con prioridades de barrios e o motivo dos desplazamentos (traballo, escolas, etc.) podemos dar unhas poucas suxerencias no estudo dos trazados de líneas:

- Estudo da lonxitude das líneas segun a cidade, para que non sexan nen excesivamente longas nen curtas demais.
- Evitar no posíbel a coincidencia de líneas e recorridos comúns.
- Trazados somente onde as necesidades o esixan e non para crear plusvalía.
- Dispersión de líneas do núcleo central, para así evitar puntos de excesiva concentración, e conseguintes conxestións.
- Facer que cada línea sexa o máis rentabel, que será o índice de que o seu trazado era necesario.
- Eliminación das barreiras arquitectónicas, que demostrara que a cidade é realmente de todos.


CESAREO SANCHEZ IGLESIAS

don augusto

XAQUIN MARIN

**GALICIA E COUSA  
DE TODOS**

**E MAIS  
SI**





## FABRICAS DE CHOCOLATE OU A LONGA TRADICION ARTESANAL

E de salientar que o clima de Galicia favorecía a produción do chocolate, dado que son as zonas máis frias aquelas que millor se axeitán. Por outra banda, nen os mesmos produtores coñecían os nomes de cada unha das pedras do sistema de elaboración deste produto, rico en vitaminas "A" e "D" e cuxo elemento principal, o cacao, poseía unha grande abundancia de grasas e proteínas. E o nome polo que entón se pedía o chocolate era "chocolate de pedra".


Un papel importante no espallamento do chocolate foi mesmo o que xugou a prensa que viña a falar da "bondade" do chocolate. Feito este que fixo que o chocolate acadara gran éxito entre os estamentos da poboación. Doutra banda, eran as colónias españolas de Centroamérica as maiores proveedoras do cacao.

### PROCESO DE FABRICACION

Hoxe en día o proceso de fabricación do chocolate segue a ser o

mesmo que naqueles primeiros tempos da instalación das fábricas, e algunhas que seguen a manterse, como a de "Amenedo" en Santiago, levan a cabo o proceso do mesmo xeito que hai máis dun século, cando a súa fundación.

Nun principio, o cacao límpase para separarlle a cascarilla. Unha vez realizada esta labor, tóstase ben e os graos son pechados hermeticamente dentro dun pano, para que así o cacao non perda o seu cheiro forte. Déixase enfriar para logo pasalo a unha pequena máquina, a limpadora, onde as cascarillas que poideran quedar, sepáranse totalmente dos graos. Despois avéntase nunhas bandeixas grandes e de enriba a abaixo, coma se de millo se tratara. Unha vez que o cacao está completamente limpo, faise pasar por outra máquina, o metate, o cal leva depositado debaixo un braseiro, con carbón vexetal, para que quente millor o metate. Así que está dabondo quente, o



"Fabricamos o chocolate como fai sesenta anos"

*Durante os séculos que durou a expansión colonial de España, que a veu conformar na época como unha das grandes potencias, unha das características que definiu a situación de dependencia das colónias respecto da metrópoli baseábase no réximen legal de comercio colonial que estivo sempre dominado polo principio do monopólio e que sóo cedeu cando outras potencias, como Inglaterra,*

*conseguiu arrebatarlles certas concesións. Neste senso, as mesmas colónias tiñan como papel asignado o de producir materias primas, que se obtiñan mercede ao traballo esclavo de indios e negros.*

*Namentras, a metrópoli adicábase a exportar produtos elaborados, incluíndo a ideoloxía e a cultura, os máis elaborados de todos os produtos humanos.*

*Pola contra, a vida colonial tense de acomodar a monopólio, e non debe crear nada que non sean materias primas, xa que un colonizado creador de certos valores culturais viría supor un contrasentido.*

*Polo tanto, non se ensenaba nada que poidera despertar o espírito de inventiva.*

*Había que castrar culturalmente á colonia para que nada saíra dela, fora do esforzo bruto extractor de materias primas minerais ou vexetais. E xa neste contexto, a historia sinala os españois como os primeiros descubridores do chocolate. O cacao, base principal deste alimento,*

*constituía en México un importante cultivo e as veces utilizábase como moeda para os intercambios comerciais.*

*Seria Hernán Cortés quen informaría o emperador Carlos V das características deste produto. Arredor de mediados do século XVI os españois trouxeron a metrópoli e paulatinamente foise perfeccionando a elaboración astra a instalación de fábricas de chocolate con todos os adiantos. Ao mesmo tempo, e un século despois, os españois introduceno en Francia e a raíña María Teresa,*

*esposa de Luis XIV, fixo que se adoptase e se empezase a consumir entre os franceses.*



XURXO FERNANDEZ

"O cacao era importado de México..."

Si o chocolate leva a fariña, ademais do cacao e do zúcre, coñécese co nome de chocolate francés. Asimesmo, a carencia de fariña constituíe outra clase de chocolate coñecido por chocolate francés.

**A DESFEITA DUNHA TRADICION**

Anos máis tarde, este proceso tan característico e cuidado como é o da fabricación do chocolate acadaría outros xeitos.

Dada a gran demanda do produto, e polas fluctuacións dos elementos base, o cacao e o zúcre, o chocolate sufriría unha boa chea de modificacións no que a súa comercialización se refire.

A industrialización en todos os eidos tamen ía traer consigo outros novos xeitos de fabricación. Aqueles aparellos, cuxo orixen a cenza certa se descoñecen, írian desaparecendo e substituíndose por outros novos mecanismos que se ben facilitarían un máis amplo e rápido proceso de

elaboración tamén ían supor a posibilidade de adulteración mesma do produto.

O cacao era unha destas materias primas que se exportaban as metrópolis. E eran as clases sociais, con maior disponibilidad de recursos económicos, as que acadaban o seu consumo, en canto que como tal produto descoñecido para a inmensa poboación, só era consumido por aqueles estamentos privilexiados polo mesmo imperialismo que lles traía eses produtos.

Ao mesmo tempo, os movementos sociais, relixiosos na súa maioría, serían os que ían propiciar a súa difusión e espallamento por outros países ou mesmo por outras zonas da metrópoli. Un destes movementos con claro matiz relixioso, como foi o das peregrinacións a Galicia, a súa capital en concreto, Santiago, favoreceron a chegada do chocolate. Os maragatos, principalmente, entablaron entre si mesmos e outros pobos peregrinos o comercio do chocolate.

Por aquel entón, as materias primas fundamentais para a súa elaboración viñan de países tais como México e o resto das colónias. Deste xeito, o primeiro fabricante foi chamado "chocolateiro" que cos seus aparellos, cuxos nomes se descoñecía e que eran nomeados como "máquinas", recorria aquelas casas onde era chamado para adicarse a produción do produto.

Nembargantes, a medida que medraba a capacidade adquisitiva da poboación e xa que o xeito de produción non se axeitaba as necesidades desta, foron nacemento as primeiras fábricas de chocolate na nosa terra. Santiago, cunha poboación por entón de 60.000 habitantes, chegou a ter instaladas 19 fábricas de chocolate. E, doutra banda, en todas as cidades cun crecemento urbán notório, as fábricas mesmo ían medrar.

**OS COMENZOS DUNHA LONGA TRADICION**

O proceso de elaboración do chocolate era o suficientemente complexo e custoso como para que foran poucas as familias que se adicaran a súa comercialización. Mesmo por aqueles primeiros tempos do florecemento da industria chocolateira, os aprendices tiñan de pagar en moedas de ouro o seu aprendizaxe. Algunha que outra fábrica chegou a contar con 30 aprendices.

Asimesmo, aquelas fábricas familiares de principios do século pasado ían desaparecendo. Santiago, de ter nos comezos de fabricación do chocolate astra dazanove destas fábricas, na súa maioría familiares, pasou a ter só unhas poucas. Doutra banda, novas marchas de chocolate ían substituíndo as outras e acadando

maiores niveis de comercialización que supuxeron a desfeita de toda unha tradición.

Nembargantes, as fábricas de chocolate que se manteñen hoxe seguen a producir o chocolate cos mesmo aparellos e coa mesma técnica que cando o seu nacemento. O sistema de moldeado consérvase, así como a autenticidade dos elementos que compoñen o produto.

Tamén é de salientar que outras das causas que provocaron a desaparición daquelas fábricas artesanais foi a emigración a que se veu sometida Galicia. E como non, a dependencia que supoña importar as materias primas de Centroamérica, de México ía, en certa maneira, condicionar a súa continuidade. Si ben o cacao importábase de México, o chocolate xa elaborado exportábase a este país.

Así, unha tras outras, as fábricas artesanais foron desaparecendo.

No seu lugar queda unha especie de "museo" coas máquinas que se facía a fabricación do chocolate, como o auténtico museo de "Amenedo" en Santiago. Toda unha tradición, todo un xeito de traballo, que polo de agora segue a ser o mesmo de antes, que pouco a pouco vai morrendo, Santiago só ten na actualidade tres destas fábricas, e no resto da nación o número non sobrepasa as trinta, e cada vez máis estase a converter na lembranza duns tempos nos que o chocolate se mercaba por libras ou por medias libras, cada unha das caís tiña oito onzas. Quizais o que as siga mantendo é a demanda que desta clase de chocolate fan algunhas persoas, sea porque, como nos decía o señor Amenedo, queren lembrarse dos bós tempos.....

XOSEFINA L. CORRAL



"Máquinas como éstas xa non quedan"

o cacao empézase a mover co brao do metate sobre a peza e despois de certo tempo cae sobre outro recipiente que contén unha determinada cantidade de zúcre e cunhas grandes palas se vai mesturando co cacao. Esta mestura pasárase logo por outra peza, de granito tamén como a peza de metate, pero de millor calidade, a cal fai o refinado. Logo a pasta vólvese a remover coas mesmas paletas e començanse a reparar os moldes cos seus encaixamentos para ir depositando nelas o chocolate. O batido dentro destes moldes ten de ser feito á man. Unha vez que o chocolate está completamente estendido e queda ben colocado nos moldes, pásase o proceso seguinte que é o marcado das pezas. Para isto utilízanse unhas pezas metálicas que dividen as pezas en onzas e fraccións. Despois do marcado do chocolate hai que axecitar o chocolate a temperatura ambiente, porque senón quedará mal marcada a libra de chocolate. Despois pónse sobre un encaixado natural, enriba dunha lancha de cemento e así vai encaixando astra a súa duza natural.

Por outra banda, outra clase de chocolate, que ademais do cacao e do zúcre leva como elemento a fariña, ten de sufrir outro proceso de elaboración para mesturalle a fariña.

Neste caso, a fariña tóstase nun tostador cilíndrico e leva o braseiro coa leña case pegado a parte de abaixo do cilindro. Cando chega ao seu punto de leírse, mestúrase co cacao e co zúcre, enfriase e péchase hermeticamente noutro recipiente. Outro dos elementos que se usaba na fabricación do chocolate era a prensa. Nembargantes, hoxe en día non se usa para a elaboración deste produto.

## O panorama sanitario eo docente: ESTILLAS DO MESMO PAU

A situación sanitaria que padece a nosa nación ben a podemos catalogar de deprimente, terceiromundista, ou dos calificativos máis rebuscados que poideran existir hoxe no dicionario.

A falla dunha infraestrutura sanitaria axeitada para Galicia, isto é, tendo en conta a distribución da súa poboación e a estrutura socioeconómica do país —sempre dacordo co principio do "dereito de todo home á saúde" (asegún a declaración programática de dereitos humanos da ONU a través da Organización Mundial da Saúde pasaría inevitabelmente por todo un PLAN DE COMARCALIZACIÓN SANITARIA, é dicir, pola creación duns Hospitais Comarcais debidamente equipados, que contasen con uns servizos médicos elementais —asistenciais e preventivos— e con un número de camas que cubrisen as necesidades da poboación a atender; si é que queremos ver incrementado o NIVEL DE SAUDE dos galegos.

Pois ben, o caso é que desde non hai moito tempo, temos funcionando unha Comisión de Médicos baixo a tutela do "Ministerio de Sanidad y Seguridad Social", encargados do estudo da nosa situación sanitaria, e que lóxicamente daría unha "Alternativa sanitaria territorial de Galicia" (todo isto dentro das coordenadas dun estudo a nivel estatal). A cousa non lles vai ser nada fácil, pois teñamos en conta que nun país onde:

—O índice de morte de nenos de menos de 1 ano —mortalidade infantil— é o máis alto do estado.  
—Onde o índice de morbilidade —facilidade para enfermarse— e de mortalidade por determinadas enfermidades (respiratorias, tuberculos etc) tamén son as máis altas do estado.

—Onde aínda existen focos endémicos de enfermidades, erradicadas en países desenvolvidos (tuberculosis, raquitismo, bocio, anemia ferropénica, desnutrición, etc.)  
—Onde a asistencia sanitaria reflexada no número de médicos por habitante é a máis baixa do estado.

—Onde o número de camas hospitalarias e personal sanitario é tamén o máis baixo do estado. Que si a estes indicadores INDICADORES DE SAUDE dos galegos lle engadimos:

—Esperanza de vida e asistencia farmacéutica en xeral  
—O envellecemento da poboación —maior número proporcional de vellos como consecuencia da emigración— o que conleva a un aumento nas doenzas crónicas e dexeñativas (enf. reumáticas, asma, cancro, etc.) e conseguintemente a unha necesidade de potenciar a medicina hospitalaria, con un maior número de camas/habitante.  
—Que o número de núcleos de poboación en Galicia é



ALEXANDRO

equivalente ao total de núcleos de poboación do resto do estado xunto.

—Que os medios de transporte e comunicación en Galicia están no seu estado máis rudimentario de desenvolvemento.

Como decía, nun país con estas características (datos constatabeis nos anuarios estadísticos do I.N.E. e non expostos aquí dun xeito cuantificado ou comparativo pola magnitude do artigo) á Comisión antedita non lles vai ser nada doado dar unha alternativa medianamente válida ou cando menos executábel a curto ou medio prazo; pensemos que o capital presupostario para tal fin adequiriría unhas dimensións realmente xigantescas.

Todo isto complicaríase si observamos a filosofía do goberno respecto do sector sanitario: a) Presupostos da S.S. para o ano presente basados na RESTRICCIÓN —pola contra un incremento a un 40 por cen nas aportacións farmacéuticas por parte do enfermo— e b) O carac-

ter da reforma sanitaria que se ben o proxecto presentado polo Goberno foi retirado, sendo agora a Comisión de Sanidade con representacións de todos os grupos parlamentarios os encargados da presentación das LINEAS XENERAIS DA REFORMA ao Pleno do Congreso, o que de por si solo nos fala do consenso UCD-PSOE para elaborar tal documento, pero que de ningún xeito variará os principios filosóficos nos que se move, a falacia da libertada, da libertade no campo da sanidade. Isto evidentemente presupón xa a negación de calquera posibilidade de reforma galega. O Estado central nada nos vai a regalar. SI NOS TRASLADAMOS o terreno de Institucións "própias", a Xunta de Galicia estaría totalmente imposibilitada polo exercicio cunha mínima reforma por ser esta competencia ESCLUSIVA do poder central (igual que no caso vasco ou catalán).

Se este é o panorama sanitario galego, non menos dramático e é a situación docente para a formación de médicos —falo da Facultade de Medicina de Santiago—, e esta reforma terá que pasar necesariamente pola formación adecuada dos facultativos. Vexamos un exemplo: nos exames MIR 1980 —proba consistente nun exame tipo test para a selección de médicos que queiran facer a especialidade—, dun total de 21 centros de docencia —Facultade de Medicina— no promedio de respostas acertadas, os 710 médicos de Santiago conseguiron o posto 17, a unha diferenza casi inexistente do último posto. Pola contra na Autónoma de Madrid o promedio foi dun 40 por cen superior a de Santiago. Si é ben certo que a este tipo de probas lle podemos cuestionar a súa validez, queiramos ou non este é un BAREMOS do ensino que se imparte, do ensino dos médicos formados en Galicia. Doutra banda, e sen querer facer valoracións definitivas o certo é que as Facultades privadas e as menos masificadas foron as que obtiveron puntuacións máis elevadas. Tampouco neste caso, a Xunta de Galicia ten facultades para chegar a unha millora no ensino. Todo o devandito é constatable, pero interesa reseñar, é isto e moi importante, que as poucas plazas existentes en Galicia para facerse Especialista non somentes se cubran con xente de fora, de millor puntuación, senón que os propios galegos nos vemos privados de facer unha especialidade.

Para rematar, toda a problemática que padece hoxe Galicia, sea a sanitaria, a docente, a económica; talmente parecen estillas do mesmo pau... o conto de nunca acabar.

RAUL GONZALEZ CARBALLO  
Vilagarcía

## O CENTRALISMO, A MARXINACION DE GALICIA E A RIA PONTEVEDRESA

É imposible ignorar que a situación de marxinação cultural e subdesenvolvemento do pobo galego é un produto típico do centralismo político, económico e administrativo e sempre foi así. A Galicia estana gobernando desde Madrid atendendo os intereses non galegos e astra antigalegos. Mais, ¿quen ten a culpa? Téñena os seus propios fillos. Nas derradeiras e penúltimas eleccións saíron triunfantes, a nivel nacional galego, os partidos centralistas e como consecuencia están agora gobernando. Estánnos agora gobernando como era de esperar, cos antigos métodos, dos que, segun pode verse, é moi difícil desatarse, amamantados neses procedementos durante tantos anos. Votamos aos mesmos homes, aos mesmos que practicaron a ditadura ideolóxica, que pensamos, que coa democracia, terminara.

O SEU, segun Gregorio Morán, foi o semilleiro destes persoeiros políticos neofranquistas dos anos setenta: Aparicio Bernal, Martín Villa, Juan José Rosón, Sancho Rof, etc. Este último e ministro do MOPU hoxe e como tal non evitou a exclusión de J. Varona no grupo de traballo que debe estudar a problemática das augas da ría de Pontevedra e a súa degradación. Á oligarquía —ese monstro de sete cabezas— interésalle moito que na comisión non haxa xente que non podan ser da súa confianza, e, para isto é necesario estar alerta e oportuno, non sea que lle pase o que no estudo (do) Ocenográfico, pagado por unha empresa contaminante —indirectamente co diñeiro do contribuínte— diñeiro tirado, que despois de seis meses da súa presentación aos medios informativos o Ministerio de Obras Públicas non se dignou considerar nen darse por enterado, a pesar de ser o propio Sancho Rof quen o propuxo e patrocinou. Agora e sen que o anterior se amaíne, como digo, encárgase un novo que costará a friolera de corenta millóns. ¡Canto diñeiro manexan os nosos políticos! Parece que este segundo nace con ma fortuna. A Xuzgar polas violencias que aluman o seu nacemento a causa dos nombramentos dos comisionados, temémonos que a súa utilidade non sea proveitosa. As línguas de dobre fio andan decindo por aí que a marxinação de Ja-

vier Varona podía ser o comenzo de intento de manipulacións nos resultados e dar vía libre para o triunfo de solucións minimizantes que a oligarquía desexa con fondo interés, co fin de continuar a depredación sen estorbos.

A actitude do MOPU non pode explicarse de outra maneira, considerando de Varona é presidente da "Comisión de Defensa del Medio Ambiente" da Corporación Provincial de Pontevedra (organismo que ten que nomealo), veterinario, consultor de empresas que traballa para a FAO, entidade internacional de gran prestixio e ademais coñece perfectamente o problema da contaminación na nosa ría. Este componente importantísimo excluío Sancho Rof, e dicir, o seu Ministerio.

¿Que se pode pensar destas actitudes? Carai, con don Sancho.

O "ambicioso" estudo quedará en enterdido, non xa só polos seus compoñentes case todos funcionarios dependentes dunha administración influida pola oligarquía, que pode levar a brasa a súa sardiña, senón tamén pola falta de compoñentes de orixe popular, como son os Axuntamentos afectados, as Cofradías de Pescadores e o propio Varona. A actitude dos membros da Diputación, tanto do seu presidente como dos deputados do partido do Goberno, é escandalosamente antidemocrática e atenta en contra dos intereses vitais do pobo pontevedrés que lle teñen confiado (máis de cen mil habitantes neste caso concreto).

Dice Varona: ¿Quén é o MOPU para intervenir e sinalar as persoas que deben representar a Diputación? e ¿Por qué a inadmisíbel inxerencia do Ministerio, precisamente agora cando se desente o grau de autonomía de Galicia? e ¿por qué o consenten os Diputados?, digo eu.

A Comisión Interministerial do Medio Ambiente adoptou o acordo de ARMONIZAR a acción ambiental do ESTADO cos intereses dos ENTES locais, todo esto —engadeo a máxima participación social. Sen embargo isto non se fixo, posto que ninguén pretenderá convencernos de que a Comisión nomeada ten carácter social ou político-social. Se-

rá técnica, pero nada máis. Fáltalle calor humano moi propio das creacións burocráticas. Veno vostedes, os mesmos métodos, o mesmo sistema de antes, os mesmos homes, as mesmas chapuzadas. Qué digo. Pior que antes, posto que antes faciano con máis elegancia, había un consenso invisíbel, agora é á plena luz; con máis descaro, vaia. As costumes non poden desembarazarse da súa orixe e desta maneira pretenden construír unha democracia con materiais de desfeitos.

Isto mesmo pasa co Estatuto. A Galicia considéranla sometida, vencida, domeada, desde fai cinco séculos. Desde 1470. Cando as forzas populares foron derrotadas polos baróns galegos ao servizo do centralismo, desde cando a pequena cidade de Zamora "representaba" os intereses galegos, anos e anos, astra as Cortes de Cádiz, desde cando a Administración Isabelina prohibiu oficialmente usar o idioma galego, en fin: unha verdadeira traxedia histórica.

Pobo galego, cidadáns pontevedreses, cando teñais que votar outra vez pensade mellor o que ides facer, co fin de que non vos boten a culpa do que está pasando. Non tardaredes en comprobar que o Estatuto de UCD non vos servirá para conquistar as vosas reivindicacións e a Ría noutros tempos fermosa e rica seguirá o mesmo ou peor porque así o quere a oligarquía e os seus cómplices, para potenciar os seus intereses. O único cambio será que o contribuínte desembolsará corente millóns máis na súa elevada carga, que non voltará ver mais astra o día do Xuicio Final —se alá se ventean estes asuntos monetarios— e neste suposto o Deus de Israel non acorde suspender esa concentración multitudinaria.

Segun Garrigues Walker a consolidación da democracia só é posíbel superando a crise económica. Pero os seus compañeiros do partido do Goberno, Sr. Garrigues, coas súas tolas e alegres inversións non fan nada por superar esta crise, mais ben parece o contrario, ¿ou é que o que se pretende é non consolidar a democracia?

¡Qué maneira de administrar teñen estes ucedistas!

XOSE R. MARTINEZ SANCHEZ,

## EUSKADI PARLAMENTO BASCO: XOGO DAS ALIANZAS

ANTON OLEA

Ao son do Antoido, a propaganda electoral vén pasar polas ruas de Euskadi. Comenzou a campaña para as eleccións ao Parlamento basco, sen grandes novidades, en medio dun ambiente festivo, anque un tanto rebaixado pola nova recén de que o Goberno tén decidido pechar do dous periódicos gipuzkoanos da cadea M.C.S.E., "Unidad" e "La Voz de España".

Inda coñecéndose xa polo miúdo a revolta xunta que mantiveron o Ministro de Cultura, De la Cierva, e máis os periodistas, que, diante da actitude autoritaria do astra de agora historiados, decidiron deixalo "mangado", dado que se negaba a dar unha explicación devagarada das causas do peche, a nova é merecente dunhas liñas que reflexen a importancia política do tema.

Nefeuto, non deixa de ser significativo que no mesmo momento da apertura da campaña electoral chegue a orde do peche. Noustante, xa días atrás, se tivo coñecemento dun informe que decía que o matutino "La Voz de España" se constituía últimamente en "tapadera de organizaciones armadas". Ao marxe desta caste de hipóteses, o que é certo é que este medio de difusión se convertira nos últimos tempos nun diario progresista, que acollía nas súas páxinas unha moi ampla gama de posicións, incluídas as de sectores da esquerda abertzale, maiormente de Euskádiko Eskerra.

### AS PRIMEIRAS ENCUESTAS

Cinguíndonos xa á crónica electoral propia, compre suliñar que as primeiras encuestas, se moita significación real aínda, como se pode supoñer, apuntan de cara un afortalamiento do PNV, inda que con esquias posibilidades de conseguir os 31 parlamentarios para a maioría absoluta. Asemade, fálase do mantimento dos socialistas, inda quedando no ar a incógnita do grande porcentaxe de votantes de ideoloxía ou afinidades perto do PSOE que nos últimos comi-

cios teñen escollido a abstención. Tocante á UCD, en fréntase cunha moi mala imaxe, produto da súa política restrictiva verbo das trasferencias autonómicas. O PCE, da súa banda, parece ter asegurado algún posto no futuro Parlamento.

O papel da esquerda abertzale preséntase moi complexo. Dunha banda, Euskádiko Eskerra conta cun opositor máis na figura do pequeno partido socialista autóctono ESEI, que tén decidido presentarse el só, e que pesie a sere minoritario de todo, ofrece a imaxe dunha formación de cadros de prestixio. Herri Batasuna, da súa banda, é a grande incógnita e o obxecto de moitas atencións, pois non se coñece de certo o alcance práctico das divisións no seu seo. A vista dos resultados, un posíbel dado a analizar pode ser o trasvase de votos entre as dúas coalicións abertzales de esquerda, HB e máis EE.

### NEGOCIACIONES E FUTURAS ALIANZAS

Pero o que máis tinta tén feito correr neste días pasados foi o tema das futuras alianzas dentro do futuro Parlamento. En principio, todo parece indicar que o PNV non poder ver cumprido o seu desexo de goberne só, por moito que a súa propaganda se verca totalmente arredor deste punto. Nefeuto, o máis probábel é que non diferentes asuntos o Parlamento se vexa convertido nun verdadeiro circo das alianzas. Dun lado, hai que apunta de cara unha alianza PNV-EE no temas nacionais fronte a outra UCD-PSOE, e a un entendemento PSOE-EE-PCE, coa dúbida de HB, na problemática social. E de fondo, o telón dun entendemento posíbel en certos temas entre PNV e UCD.

Noustante, compre non esquecer que o tema das alianzas fica tamén suxeito ao resultado das negociacións que sobre temas como o profundamento da autonomía, a incorporación de Nafarroa e máis a violencia están a levar ao cabo os partidos integrantes do chamado "Frente por la Paz y la Democracia", ou seña, PNV, PSOE, EKA, PCE e máis ESEI.

ESPAÑA:

## ARAGON: PROBLEMAS AUTONOMICOS



Xosé Luis G. Labandiera

Co día 3 de marzo como data tope para que os axuntamentos aragoneses decidan

cal vai ser a vía que van escoller para que a súa rexión acade a autonomía, os parlamentarios da "Diputación General de Aragón" (o máximo órgano preautonómico)

atópanse diante da alternativa de escolleren unha das dúas previstas, ou veran o proceso paralizado, polo menos, durante os vindeiros cinco anos.

### O AXUNTAMENTO DE ZARAGOZA, EN DISCORDIA

Para entender o degrau de enguedellamento do problema, compre ter claro que as dúas vías de acceso á auto-

nomía que prevé a Constitución (a rápida, do artigo 151, e a lenta, do 143), os máis dos

axuntamentos aragoneses xa teñen escollido a segunda, influídos pola maioría que neles conta a UCD. Pero no concello de Zaragoza, qn que hai

maioría de PSOE, os municipais decidíronse pola vía do 151. Velai a raíz do problema, ao estar previsto que para acadar a autonomía pola vía do

143 débense "solicitar" as dúas terceiras partes dos concellos que a súa poboación represente, polo menos, a maioría do censo electoral de cada provincia, condición que, deste xeito, non cumpriria a

provincia de Zaragoza, xa que se estima en medios xurídicos que a petición de autonomía por outra vía non pode sumarse ao número das que se piden polo 143.

### O PROBLEMA DE FONDO E A SOLUCION

O problema fronte ás dúas vías á autonomía en Aragón é o feito de que ao condicionar o artigo 143 na práctica ás comunidades autónomas coma mancomunidades de Diputacións, na elaboración dun Estatuto desta caste non ian participaren só os parlamentarios, senón tamén como redactores os deputados provinciais, case todos do partido do goberno, e debido xeito de artellamento da Lei de Eleccións Locais. Por outra banda, esta "mancomunidad" non disporía de ningunha caste de Asamblea lexislativa autónoma nen vería a autonomía contrastada en ningún referéndum, abondando para a súa aprobación só coa das Cortes do Estado; e por último, outra diferenza que afasta un pouco ao réxime lento de acceso á autonomía do que chegou via 151, establececese no tema das competencias, que no chamado "proceso lento" do artigo 143 aínda quedan moito máis restrinxidas. Por todas estas razóns e diante da perda de creto político que suporía diante dun pobo dabondo escéptico o fracaso da vía autonómica, os dous partidos en discórdia parecen estar dispostos a pactaren, e isto ha acontecer case fixo quena II Asamblea de Axuntamentos Aragoneses, que se celebrará seguramente o día 24, e na que, en troques de que o axuntamiento de Zaragoza e o seu alcalde socialista modifiquen a súa postura, solicitando o acceso de Aragón á autonomía via 143, os centristas prometerían a concesión deste réxime autonómico dunha

Asamblea Lexislativa rexional e máis a destitución do actual presidente da "Diputación General de Aragón", o centrista Juan Antonio Bolea Horadada, estixido polos socialistas.

### CC.OO., DERROTADA

No laboral, compre suliñar a persistencia de paros como os dos repartidores de butano de Madrid, que xa leva una semana, o desconvocado de RENFE, que estaba convocado para o 19, e o que ese mesmo día levaron ao cabo os traballadores da Administración Pública como continuación dos celebrados a semana pasada. Asemade, o fracaso xeralizado das folgas convocadas por CC.OO. á contra dos convénios firmados dentro do "Acordo-Marco" por UGT coa patronal, fracaso que, inda existindo a guerra de cifras de traballadores parados tradicional entre as dúas centrais, recoñecérono as propias CC.OO. na roda de prensa celebrada xoves día 14.



**meigallo**

GABINETE PSIQUIATRICO  
Dr. XOSE CAAMAÑO  
Dr. EMILIO GONZALEZ  
c/. Entremurallas, 5-1.º  
SANTIAGO

NOVO NUMERO  
TELEFONO 58 89 10

## SOBORNOS A INGLESA

CARLOS DURAN

O Arquivo Nacional (én inglés Public Record Office, aínda que de "public" ten pouco, como axiña veremos) garda os documentos oficiais do país no entendemento de que o público non terá acceso a eles durante 30 anos. E cando o seu contido é especialmente delicado, o embargo exténdese astras os 50 anos (aínda haberá que supor que algúns documentos permanecen ocultos máis tempo, se cadra para sempre). Tal é o caso dos sobornos que a Oficina Colonial inglesa fixera a través de Winston Churchill, daquela Secretario das Colonias, e máis do famoso Lawrence de Arabia, que collera sona polas súas correrías disfrazado de árabe, co fin de traer a rego os emires e sultáns de Arábia aos intereses imperiais británicos.

Na primeira guerra mundial, Inglaterra procurou, con Francia, sacarlle a Turquía o seu imperio na península arábiga, apoiando os reis e príncipes árabes. Acabada a guerra, os ingleses seguiron a política de sobornar ao rei Hussein do Hedjaz (bisabó do actual Hussein de Xordánia), e máis ao sultán Ibn Saud do Nejed (na actual Arábia Saudí). Churchill declarou na Cámara dos Comuns que se lle fixeran a Hussein un pago de 18.000 libras esterlinas, e que, sacando a Ibn Saud, non

se pagara a ningún outro xefe árabe. Nisto o Churchill mentiu, como se pode comprobar hoxe nos arquivos abertos ao público (tal vez por iso non se deron a coñecer en vida del). Pagáronse milleiros máis de libras a outras figuras da política árabe, entre elas aos fillos do propio Hussein: o emir Abdullah (5.000 libras nunha ocasión), para xudalo na súa sucesión na Transjordania; e máis ao Feisal (sumas diversas de 1.600 libras, etc.), para que subise ao poder na Mesopotamia (hoxe Iraq).

### "O ISLAN CONTRA EUROPA"

Os ingleses querían enguedellar a Hussein para que firmase un tratado no que a súa dinastía hachemita renunciara a Palestina (ou Cisjordania), mandato que os ingleses axudaron efectivamente a converter no estado de Israel coa chamada "declaración de Balfour" en favor da creación dun Lar Nacional Xudeu, que provocou unha grande inmigración hebrea e as conseguintes tensións cos árabes, herdadas polas xeracións actuais. Máis tarde Inglaterra organizara un reino independente coa Transjordania (ou sea, a Xordania), e desentenderíase oficialmente da Palestina, mentras que realmente apoiara o autoproclamado estado de Israel.

A política británica daquela época queda reflexada nunha nota dirixida polo mariscal de campo sir Edmund Allenby (que deixou o seu nome na "ponte de Allenby", único paso actual entre Israel e Xordania), daquela alto comisario no Cairo, a lord Curzon, secretario do Foreign Office (e especialista en facer particións e liñas divisórias), en maio de 1920: "Existen probas considerábeis de que se está a rea-

lizar un decidido esforzo para unir o Islam en contra de todas as potencias europeas. Unha Arábia amiga será un importante contraforte para impedirlo".

No entanto, o Hussein gardou as 5.333 libras que lle dera o tal Lawrence de Arabia, e negouse a firmar. Os ingleses alporizáronse e dixeron que foran enganados (!). Pasaron entón a negociar cos fillos de Hussein as súas costas, entregándolle 12.000 libras a Feisal, e o propio Churchill autorizou 5.000 libras para o Abdullah, dos cartos destinados ao pai. Armouse (ou armaron) unha guerra, na que o Hussein foi derrotado polo Ibn Saud, quen creou a Arábia Saudita cos dous reinos que así axuntara. Os ingleses levaron o vello Hussein para o exilio en Chipre, e consolarono nomeándoo Cabaleiro da Gran Cruz do Orden do Baño...

## O PROBLEMA AFGANO COMO PRETEXTO (II)



A resposta do chamado "mundo libre" aos reveses que sofre en países onde na súa órbita, é inmediata:

1) coordinación e afianzamento mutuo dos vínculos inter-imperialistas, visualizados en políticas económicas máis ou menos consensuadas entre as diversas burguesías estatales, utilizando cara a este fin institucións como o Fondo Monetario Internacional, etc.

2) ofensiva propagandística en base a coesionar a maior parte das capas sociais en torno o seu proxecto político, económico... Os métodos son:

a) manipular a información, controladas polas súas Axencias e medios de Comunicación Social, para atemorizar a poboación creando un enemigo -real para a burguesía, máis irreal para as clases populares- ficticio, que a nivel internacional concretase no anticomunismo e antisovietismo feroz. Deste xeito crease un clima favorable para as intervencións político-militares en calquer país, e pasase por alto a existencia e afianzamento de bases militares como por exemplo Guantanamo (Cuba).

b) denigrar aos países progresistas e socialistas con infundios e calumnias, facendos aparecer como alternativas negativas e peligrosas. Sirva de exemplo o alarde tipográfico dado polos medios de comunicación social -con ocasión da celebración en Habana (Cuba) da Conferencia de Países Non Alineados- a unha suposta "Brigada militar soviética de intervención" que asegúnanos os USA sería un perigo para a súa integridade territorial, e cuio único fin era desprestixiar a Cuba como líder dos Países Non Alineados pois unha vez acabada a Conferencia non se escoitou falar máis dela.

Neste contexto, hai que entender a campaña desatada por Carter e M. Thatcher de boicotear as Olimpíadas de Moscú como un intento de crear un ambiente enrarecido, que amortiguase os efectos que poidera ter esta manifestación deportiva, no senso de dar a coñecer e prestixiar a un país socialista a nivel internacional.

3) relanzamento da política belicista co afortalecemento de organizacións militares (OTAN), construción e estacionamento de armamento máis sofisticado, creación dun "Corpo de Reacción Rápida" de 100.000 marines (policial imperialista presta a intervir en calqueira punto do planeta), rearme das organizacións e reximens políticos máis reaccionarios, etc...

E neste contexto onde hai que ver a situación en Afganistán e todos os demais países. Está claro que no Afganistán o bloque occidental, liderado por USA, fracasou, pero xa vemos como utilizaron esta situación, e, mesmo nesa zona siguen armando, coa axuda china, as organizacións islámicas e tribais máis reaccionarias por medios de Pakistan. É sintomático recordar como o golpe de estado en Afganistán de abril de 1978 non foi seguido apenas de interés polas axencias. ¿Será por que aínda estaba o Sha no poder (xendarme occidental na zona) e consideraban rodeado o país que tarde ou cedo caerá nas súas mans?

O esclarecemento destes problemas vitais ligados á política internacional actual é interesante cara a ubicación correcta e cunha traxectoria política clara da oposición anti-imperialista. Deste xeito, temos que tratar de evitar que nos embarquen en tarefas que non nos corresponden e privar as burguesías locais -no caos galego ao capitalismo monopolista español e o seu brazo político o Estado colonial español do noso apoio como clases populares galegas, tratando de impedir a integración a nivel económico na CEE e no complexo militar imperialista da OTAN.

Non se esqueza que o poderío militar no mundo é relativo e o alineamento no mundo occidental non traerá ningún beneficio e si o perigo de verse envoltos en conflitos que, no mellor dos casos, sojo sirven os intereses do capitalismo monopolista español e internacional.

CARLOS LOPEZ

## IMPERIALISMO AMERICANO NO INDICO

P. ANDRADE

Perante as revolucións no Afganistán e no Irán os Estados Unidos pretenden exercer presión sobre as nacións do Indico, nomeadamente sobre o grande número das non-alineadas e igualmente, o feito de estar os Estados Unidos a montar unha estratexia orientada a estimular as ambicións expansionistas da China e mesmo o seu apoio, máis o feito tamén moi importante de que é xunto do oceano Indico e do golfo pérsico onde se encontran situadas o 60 por cento das fontes do petróleo das potencias capitalistas, calculándose que en cada 13 minutos navega un navío a partir desta zona con destino á Europa Occidental e ao Xapón son os factores que van determinar a política expansionista e imperialista dos Estados Unidos (e

da Europa) nese sector. Así, o potencial militar americano no Indico aumentou gravemente nos últimos anos e concretamente non hai moito con unha escuadra de navios de guerra, tendo ao fronte o porta-avións "Midway" que navega contra a vontade dos países do litoral, empeñados en que se manteña esta rexión como zona de paz, conforme establece unha resolución tomada pola 26 Sesión da Asamblea Xeral das Nacións Unidas en 1971.

A línea de amizade coa URSS da India que representa Indira Gandhi -hai uns días o primeiro-ministro S.N. Mishra decla-

rou publicamente que a presenza do "Midway" na rexión era completamente inaceitabel para Nova Deli- ten máis fundamentos do que a primeira vista semella. A base aeronaval construída na illa de Diego Garcia, complexo militar equipado con unha pista de 12 mil pes, para avións B-52;

porto para recibir acourazados e ao parecer mesmo almacenamento de armas nucleares permite ao Pentágono manter unha forza permanente nesa área, xapaz de intervir en calquer rexión da zona. Mesmo se está a falar xa da existencia na sombra de unha Quinta Escuadra dado o potencial militar ali acumulado polos Estados Unidos. A todo isto habería que engadir a base aberta hai uns anos polo Comando da OTAN no porto sul-africano de Simonstown e os enclaves tácticos da Francia e da Gran-Bretaña no Indico, pois a efectos de política militar a OTAN xoga o rol que lle impoña a política dos Estados Unidos.

O "Midway" destinase a xefiar unha zona naval de ataque que manterá con carácter permanente no Indico un forte potencial militar mesmo triplicado en valor verbo do anteriormente existente. O "Midway" chegou ás augas do Indico pouco despois de que Washington decidira aumentar as súas tropas nas Caraíbas, perto das costas cubanas, e ambas mobilizacións son atribuídas a un plan global defensivo-ofensivo americano.

### A URSS PROPON CONVERSAS

A Unión Soviética á altura desta mobilización militar e do apoio loxístico que o Pentágono empresta a esta rexión dixo xa que continuará os seus esforzos das conversas con os Estados Unidos sobre o Indico, pois a Unión Soviética non pode ficar indiferente ao rápido crecemento do potencial norteamericano nesta zona. Washington de momento non deu mostras de bos disposición para iniciar conversas, apesar de estar o tema contido nos acordos xerais sobre o desarmamento da "Salt-II".

Os feitos de expansión de procesos de cambio na América Latina apenas van desviar a atención sobre das posicións estratégicas dos dous blocos -de influencia americana e soviética- nesta área do Indico, aínda que servan para despistar á opinión pública.

A base de Diego Garcia dos Estados Unidos custa anualmente cerca de 10 millóns de dólares, porén a política expansionista defensiva-ofensiva de USA nesta rexión non vai ser diminuída.

As nacións non-alineadas van ser as máis afectadas polos movementos deste potencial militar, na medida en que a súa non intervención e neutralidade considérase, de facto, un apoio para a política USA.

A súa vez a URSS tentará manter un certo equilibrio xa que non pode perder a súa posición de apoio no Afganistán cando mesmamente se inicia unha primeira fase da guerra fría.

## OS CORVIDOS (I)



Chámanse así un grupo de aves, algunhas delas comúns na nosa terra e que comunmente vemos ao saír ao campo, coma son a pega rabilonga, a pega marza ou mansa e o corvo, ¿e que máis?. Para a meirande parte dos lectores, sean cazadores ou aínda xente do campo, aí se para de contar. Pois ben, nefeu-to hai as dúas primeiras especies mencionada, pero ao falar do corvo xa hai que precisar.

Os córvidos non son tan ben coñecidos coma se pensa. Corvos hai catro especies moi distintas entre si, tan distintas coma un burro, en cabalo e un mulo, que son o corvo carnazal, (corvos corax) o de maior tamaño, o corvo viaraz (corvos corone) ou común, o máis abundante, o corvo cincento, moi raro de ver no noso país e logo está o pequeno corvo cirreireiro, (corvus monédula) do tamaño do peto, e ademais dos corvos e pegas existen outras aves moi semellantes, do seu tamaño e cor como son as dúas especies de choias, a biquivermella, pyrro que habita nas nosas costas ou nas montañas do interior, e a biquimarela, moi rara de ver pois é máis propia

de montañas mais altas, e finalmente falaremos da gralla, ave tamén que raras veces se deixa ver. Como se pode ver non hai só tres córvidos senón algúns máis. Convén puntualizar que cando nos falan de corvos, xeralmente refírense ao corvo viaraz, o mais espallado pola nosa xeografía, e ao que en moitos lugares teñen como ave de mal agouro, relacionándoa co demo, ca noite ou cos difuntos e a morte.

### INTELIXENTES E ASTUTOS

Todos os córvidos son animais relativamente intelixentes e astutos; que escapan con facilidade do home pois distinguen perfectamente (pois teñenche boa vista) ao cazador que leva unha escopeta, ao labrego que porta unha ferramenta de traballo, polo que o seu número vai en aumento debido por outra banda á diminución de enemigos naturais (que serían os pequenos carnívoros coma o tourón, o furatoxos, a marta os gatos bravos e domésticos e logo as aves de rapiña de tamaño medio ou grande con tal que sean lixeiros, pois aunque vimos algunha vez un miñato guindarse sobor dunha pega e pillala o feito non é común, por ser aquel unha ave lenta, aventaxándolle a pega en lixeireza); normalmente vense corvos perseguidos a miñatos e facendos fuxir e igual fan as pegas cos lagarteiros, aunque estes poden defender un territorio, pois nunha ocasión comprobamos como unha parella destas aves espantaban día tras día a cantos corvos se apousaban perto do burato esollido para aniñar, e aunque aquel foi sempre un lugar que-rencioso para os corvos, en pouco tempo deixaron de vir.

### NEN AZOR NEN PERDICES

O azor sería o enemigo natural que mellor controlaría as poboacións dos córvidos; pois está perfectamente adaptado pola súa lixeireza, tamaño e agresividade, pero hoxe parece ser que os cazadores queren mellor que os ovos de perdiz llos coman os córvidos a que o azor pape algunha perdiz adulta e así nos vai: nen perdices e si moitos corvos e pegas. Algun pensarán que ao millor estou defendendo as aves de rapiña. Pois si, e de forma decidida direi que estou en contra de aquela xente que eu víñ e os ve

calquera, pois hai máis dos que se pensa, que van e tiranlle a calquera ave da rapiña que se lles poña diante, e decote se fai a vista gorda, ignorando o que manda a lexislación. Astra hai "autoridades" que se adican a disecar estas aves. Non podemos por menos de protestar e pedir que se cumpra a lei aunque algúns ao ler estas liñas sorrian. Pero volvendo aos córvidos, tamén estamos totalmente en contra dese método de control consistente en espallar polo monte cantidades de ovos envelenados, feito nefasto, anti-ecolóxico e antitodo que cada vez parece que se espalla máis, sobor de todo nos cotos facéndose as ces sen ningunha autorización. Non se deba permitir nen polas Autoridades nen polos veciños nen polos mesmos sócios do coto se teñen un mínimo de conservacionismo cara a natureza. Nen tan siquera se deba permitir que nas revista cine-xéticas aparezan follas anunciando a venta de tais choies. Os envelenamentos de claquer índole non debían estar autorizados, que outros sistemas de control de animais haberá, digo eu, e moito menos nocivos, máis selectivos, menos indiscriminados. En particular e volvendo aos córvidos, repetirei o dito outras veces: sería bo que as Sociedades de cazadores programen nas súas actividades algún concurso de caza de córvidos alí onde sean abundantes, pero cazando sómentes á pega rabilonga e o corvo viaraz, pois os outros coma o carnazal ou a pega marza non son excesivamente abundantes, nin causan tanto dano por depender na súa mantenza moito menos dos grans e froitos que os homes sentamos e recolleemos, e por outra banda algún córvido coma a choia biquivermella é ave que se ben en Galicia parece estábel, en toda Europa está en decadencia sen que se salvan aínda ben as causas; respeto pois para ela.

Volvemos a insistir en que estas aves, excesivamente abundantes hoxe acaban con gran número de ovos de outras aves en especial de pequenos paxaros, así coma dos das aves de caza, polo que non estaría de máis que os cazadores reservasen algún cartucho para o corvo viaraz ou para a pega rabilonga cada vez que saisen de caza.

Patiño.

## NÉCESIDADE DUN DEPORTE NACIONAL



A burguesía constituíu a clase dominante de dous séculos a esta parte e polo control dos medios materiais proxecto e proxecta as súas propias concepcións ideolóxicas autodefensivas sobor do resto da sociedade impondo o predomínio social destas concepcións.

Falar de deporte burgués e deporte nacional non son abstractas especulacións teóricas sen encarnadura real, senón manifestacións culturais, políticas e ideolóxicas que expresan concretos intereses de clase.

A nación real non é un ente autónomo independente de homes e superposto a eles; senón que é precisamente unha creación deles e neles. Os homes coa súa actividade son quen crean e recrean permanentemente a nación. A actividade de cada individuo existe en tanto que ese individuo intente lograr a satisfacción das necesidades no marco concreto da situación social dada, que a súa vez condiciona ditas necesidades. O nacional auténtico resulta imposible concebilo independentemente da satisfacción ou frustración de todas as necesidades na xeralidade dos individuos que compoñen a nación. Vexamos así a identificación entre nacional e social e como a única maneira de que acedan as clases traballadoras ao deporte é cun DEPORTE NACIONAL.

Cando decimos deporte nacional non nos referimos, como podían pensar algúns, a unha soa actividade específica, única e respetiva, senón a todo o conxunto de manifestacións dentro da cultura física dunha nación. Deporte nacional significa adecuación e concreción do deporte ás necesidades reais dun pobo determinado, ás súas peculiaridades e á súa realidade económico-social-política.

E por eso polo que é imprescindible a realización dunha alternativa deportiva para Galicia como única maneira de que as clases traballadoras acedan ao ben social que é o deporte, e que, por outra banda, poda ser efectiva a recuperación total, que é a reapropiación total a nivel social dos produtos da actividade creativa.

Tendo en conta, ademais, o poder de mobilización que ten o deporte, a súa implantación no corpo social como espectáculo, consistindo moitas veces a única preocupación de moitas persoas, fora dos problemas pessoais e o papel que xoga unha alternativa para o deporte galego que se basa ademais na contradición deporte-ben social-deporte-comercio.

PUCHEIRO.

**e Ensino**

Revista Galega de Sócio-pedagogía




Editada por "PROMOCIONS CULTURAIS GALEGAS S.A." sob o patrocinio da "ASOCIACION SOCIO-PEDAGOGICA GALEGA"

SUBSCREBASE DESDE XAI

Ingrese o importe da suscripción anual de 1.200 pesetas na conta 01-500.000-5 do Banco de Vizcaya, Sucursal da Avenida de Buenos Aires en Ourense, por xiro postal, transferencia bancaria, ou talón, indicando seu nome, apelido e domicilio.

mostra de outono



E 1 Santiago

Museo do Pobo Galego

Riño  
foto-cine



Santo Domingo, 9  
Tfnos.: 225461-224458

LUGO

## ΥΓΙΕΙΑ ΚΑΙ ΠΑΝΑΚΕΙΑ


ANXO RODRIGUEZ

### A TESE EPIDEMIOLOXICA (II)

Por outra banda o funcionamento analítico da nosa tese lévanos non só a un análise secuencial da saúde do individuo, o traveso das distintas fases do seu desenrolo, da parella, da familia, da comunidade, das clases e da Nación, senón tamén a análise das súas propias dinámicas interrelacionadas. O mesmo diríamos respecto aos esquemas e impactos diferenciais da enfermidade. En ambos os casos os nosos presupostos operan e conservan a súa estrutura disléctica.

Resulta interesante constatar que a liña de investigación biométrica do PBI (Programa Biolóxico Internacional) establece que toda a vida pasada do individuo ten que ser tida en conta para comprender e interpretar o seu estado de saúde o que, evidentemente, constitui a base máis prometedora para a investigación da morbilidade e mortalidade diferenciais segun o medio e clase social. Como consecuencia desta metodoloxía hai xa resultados valorabeis en algúns países, pero naturalmente nada diferencial se amosa neste senso nas estadísticas de mortalidade do estado como non sean as diferéncias intraestatais que comparativamente reflexan o grau de marxinação e colonización do pobo galego... A nivel sanitario, a análise das áreas que estan debaixo das curvas estadísticas e aínda dos impulsores das mesmas curvas é unha tarefa trascendental da nosa epidemioloxía coa que se abre un novo frente nesta difícil etapa de loita que supón o proceso de integración e identificación Nacional do Pobo Galego.

Podé ser útil, de acordo cos expertos, sinalar os factores que dun xeito ou doutro influen e condicionan o estado de saúde. Uns fano de modo inmediato, como poden ser as deficiencias nutritivas cuantitativas e cualitativas, ou os comportamentos bioloxicamente inadecuados da poboación, poñamos por caso, e outros, como poden ser o control dos medios de produción, o nivel de ingresos e a súa distribución, o nivel de educación, a distribución sectorial das forzas produtivas, o impacto tecnolóxico e tamén as situacións xerais e especiais de dependencia e colonización, influen mediadamente tanto os feitos demográficos como os proble-



XULIO MASIDE

mas de saúde. De todos os xeitos establece definitivamente que o vencellamento da saúde con factores económicos, sociais culturais e políticos é inexorable e absoluto.

**Os niveis de vida e saúde e os seus monitores:** Do que levamos dito despréndense os conceptos de nivel de saúde e nivel de vida, do que aquel é un importante constituente. Pero estes conceptos de ningún xeito poden ser manexados, na súa diversa utilización, senón é ao traveso de determinados criterios, índices ou monitores, cos que se trata de facer avaliacións tentativas co obxecto de cuantificar e calificar os devanditos niveis, e son máis ou menos operativos en relación co grau de seriedade e rigor con que son confeccionados. As naturais limitacións de determinados índices poden chegar a convertilos en verdadeiramente falaces, se o rigor científico e profesional non esta presente fundamentalmente no paso inicial da recolleita de datos. Pode que algúns índices oficiais do ámbito estatal non se escapen a esta consideración. O impacto desta clase de inconvenientes, no caso da epidemioloxía e claro, non pode nen acadar o seu propio nivel descriptivo.

A esperanza de vida o naer é un indicador que pretende medir o nivel de saúde acadado. De cálculo relativamente complexo depende de moitas variábeis, fundamentalmente da propia mortalidade infantil e xeral, dos estilos de vida, do impacto tecnolóxico, pero tamen dos índices de natalidade, un feito este derradeiro da maior importancia e transcendencia no ámbito da nosa nación como teremos ocasión de ver. En todo caso non pasa de ser o que é, unha espectacular que con demasiada frecuencia non acada as cumes teoricamente asignadas.

N. de R.- No artigo A TESE EPIDEMIOLOXICA publicado a semana pasada houbo unha omisión no primeiro párrafo e onde se lé "...como di Althusser no caso das ciencias da natureza..." debería lerse: "...como di Althusser no caso das ciencias interdisciplinarias, e en relacións de aplicación en reciprocidade, coas ciencias da natureza..."

### da terra asoballada

#### O SENTIDO DUNHA "AUTO-FINANCIACION"

"A Corporación Municipal de Mugar dos está a dar neste intre os pasos legais necesarios para a suba de todas as taxas e impostos municipais, acolléndose ao Decreto do Goberno do 20-7-79", escribenos o Grupo Asambleario da AN-PG desta vila, que quer facer público, entre outras, as consideracións que escolmamos:

- 1.- No devandito Decreto o Goberno Español estimula e posibilita aos Axuntamentos para que dun xeito brutal e discriminatório aumente aos contribuíntes todos os impostos municipais, en base ao principio de que ningún servizo prestado polo Concello poda ser deficitario, ou sea, cada servizo ten que auto-financiarse. Deste xeito o Goberno conquerrará, co permiso dos Partidos de esquerdas que gobernan os Municipios, que sean estes os que se enfrenten co pobo e coa súa xa desfeita economía, evitando ademais as subvencións que "graciosamente" viña concedendo o Poder Central aos Axuntamentos deficitarios.
- 2.- Respecto ao noso Concello esta será, en liñas xerais, a aplicación do Decreto:

a) No caso do servizo de recollida de basuras, das 30 pesetas actuais pasará a 100 pesetas/mes na Vila (a suba é dun 233 por cen). Nas localidades pasa de 20 a 60 pesetas mensuais (200 por cen de aumento).

b) A suba da taxa polo servizo de auga é aínda mais esaxerada, pois dun mínimo anterior de 10 Tm. pasarase a

6 Tm., o que significa que a meirande parte dos contribuíntes rebasarán o novo mínimo e veranse

a pagar duplicado o preçio da tonelada (de 10 a 20 pesetas/Tm.).

A isto hai que engadir e denunciámolo as anomalías que dende fai tempo veñen dándose no control dos contadores, nos que non existe ningun cartón-memoria. Hai moitos casos de veciños que, sen estar na casa e, polo tanto, sen consumir o mínimo, vense obrigados a pagar excesos.

c) Imposto por gastos suntuarios: Na práctica o que vai conquistar este imposto é que ninguén poida tomar un café ou un vaso de viño cos amigos, provocando, ademais, a ruína paulatina dos pequenos e medianos establecementos case sempre familiares e que de suntuarios non teñen nada.

Para rematar a Asamblea Nacional Popular Galega, considera que: "as trasas que afectan aos veciños en xeral non poden subir máis do que suban os salários. A nosa postura é que, en primeiro lugar, habería que facer un estudo exhaustivo dos custos reais de cada servizo e logo tender, en anos sucesivos e dun xeito progresivo, á súa autofinanciación. Doutra forma, ao mermar o poder adquisitivo das clases populares galegas, seguen sendo estas as máis perxudicadas nos seus intereses".

#### MASSO INCUMPLE

O comité de empresa da fábrica de conservas de MASSO HNOS. de Cangas quere denunciar ante a opinión pública

diversos feitos que están sucedendo dentro da empresa cos cais non estamos de acordo e que son os seguintes:

Este comité leva dende o ano 78 denunciando ante a Dirección e a Delegación de Traballo o non funcionamento do comité de Seguridade e Hixiene comprobando a inspección de Seguridade e Hixiene, a non celebración das reunións de dito Comité e ademais varias deficiencias en materia de seguridade.

Por a parte dos traballadores xa están nomeados os membros do Comité que lle corresponden a súa parte.

Queremos manifestar con todo isto que se están sucedendo unha serie de accidentes e indisposicións dos traballadores os cais nese intre dase sempre a coincidencia que están ausentes o servizo médico da empresa.

Como incidencia o pasado día 15 do mes de xaneiro aconteceu a morte de un traballador estando ausente, como sempre, o servizo médico da empresa. Queremos facer mención que o servizo médico consta de un médico que ven voluntariamente cando lle da a gana, e dous practicanes; e non 4 practicanes e un médico como lle informaron a inspección de Seguridade e Hixiene. Volvemos a mencionar que na nosa empresa e indispensable o servizo médico pola particularidade que acontece actualmente. Queremos dicir con isto que a empresa está aplicando a lexislación sobre as faltas intermitentes por enfermidade anque sean custificadas despedindo polo suliñado a dúas compañeiras hai uns meses; e aínda Maxistratura fallando a favor delas e a empresa negouse a readmitilas dúas veces; isto

conleva a que hai un clima de medo e temor na fábrica de maneira que algúns traballadores esten vindo a traballar enfermas por medo a ser despedidas, por iso decimos que o servizo médico é moi necesario por darse moitos casos de indisposición como antes mencionamos.

Cremos que os culpábeis de todo son a Dirección da empresa, Inspección e Delegación de Traballo; a empresa por a súa incapacidade para resolver os problemas que padecemos, coa colaboración de certos encargados e máis os caciques ao seu servizo, os cais, son usados pola empresa para desviar os problemas e difamar ao comité de empresa.

A Delegación de Traballo e a Inspección por a súa lentitude para dar as resolucións custas oportunas.

**NOTA:** Esta nota non foi publicada nin pola prensa, ni radio popular, e máis, non ser a primeira vez que acontece con esta empresa. Sospeita-se sexa polo poderío do Massó diante da Oransa.

#### "O DEMOCRATICO ALCALDE DE MUGARDOS"

Sr. Director:

O derradeiro sábado, día 2 de Febreiro, celebraba Pleno a Corporación Mugarlesa. A convocatoria era para as 7 da tarde, aínda que en "La Voz de Galicia" da víspera viña anunciado en letras ben grandes para as 7,30. As 7,08 chegamos ao Concello coa idea de ir cedo dabondo e atopamos as portas pechadas. Saliu o alguacil dicendo que o Pleno encetara xa as 7,05 e que non podía entrar ninguén. Ante a nosa insistencia foi preguntarlle ao Alcalde se as dúas persoas que estabamos a porta podiamos pasar, ao que aquel respostou taxativamente que non. Dentro do salón de

sesions habia, ademais dos corporativos, tres ou catro espectadores.

Consideramos que isto é un aldraxe aos contribuíntes que se interesan polos problemas do Municipio e máis insultante aínda vindo de persoas que se califican de democratas. Entre os puntos que figuraban na orde do día destacaban o salario dos concelleiros e a contratación da limpiadora para a escola de Franza, asunto este no que levabamos traballando máis de catro meses.

Tachamos a postura do Alcalde e concelleiros consentintes de cerrada e caciquil, pois a entrada no Pleno de dúas persoas aos dez minutos de encetado non supuña interrupción algunha, sabendo, ademais, que en derradeiros Plenos permitíuse a entrada con máis de media hora de retraso xa non somentes a Concelleiros ou veciños do Municipio, senón a persoas alleas ao mesmo que eran dirixentes destacados do PCG.

Se isto foi feito como represalia diante da nosa postura pola suba das taxas, é unha pobre venganza.

E se pechando as portas do Axuntamento aos veciños contribuíntes é o xeito de darlles participación aos cidadáns, temos atraso nesta terra para cinco séculos máis.

Rematamos decíndolle, Sr. Director, que somos militantes da AN-PG (Asamblea Nacional Popular Galega) desta Vila e que lle adxuntamos copia do xornal no que veu publicada a hora do Pleno de referencia.

Seus affmós.

Lois Rico Castro  
D.N.I. núm. 33.184.664  
Xosé Fernández Barcia,



## da arte e dos xeitos

### O CASTRO DO TEGRA

Galicia ten máis de cinco mil castros, cinco mil núcleos defendidos con grosos balados que se poden datar na Edade do Ferro, aínda que as súas orixes estean no último período do Bronce, cando un gran interese comercial esta levado polas ansias do tráfico co estaño; cobre, chumbo, ouro e prata. A nova metalúxia do ferro da que Galicia é ben rica deulle novo pulo á densidade de poboación.

Daquela os castros consolidáanse. Escómenza unha nova e dura etapa levada pola teima imperialista román, asexante cara ao Noroeste polo seu baril significado económico con base nos metais.


Deterémonos, pois un chisco na desembocadura do Miño, naquel agudo coruto desde o que se espreitan as terras do Rosal, Tabagón, Goián, as illas dos Amores e o Airiño do Psaxe... terras de Portugal: Cerveira, Lanheles, Caminha... Ningun outro lugar con semellantes propiedades estratéxicas pode compararse co Tegra.

Nos escomezos do século,

Briteiros, en Guimarães de Portugal, excavado por Martins Sarmiento é un exemplo que aguilloa á arqueoloxía castrexa. Hai que agardar aos anos 1922-23 para que Ignacio Calvo Sanchez continue os primeiros traballos científicos que xa no 1914 encetara a Sociedade Pro-Monte, grupo de aficionados que con ansias científicas descubren o fondo valor da citanía, como lle chamaban, quizais por contaminación con terras de Portugal, onde esta palabra se diferenciaba de castro. A primeira delas ouservábase como núcleo de poboación civil, namentras que o castro tiña un carácter máis militar. Esta teoría quedou nun ambiente moi concreto e foi sintomática dos pioneiros da arqueoloxía castrexa.

Non esqueceremos tampouco que nos anos 1929-30 en terras de Mondariz escávase o Troña. Participan aquí Luis Pericot e estrénase o que será gran arqueólogo de Galicia, Floro López Cuevillas. O mundo castrexo e a teima dos celtas é algo que encheira as páxinas dos primeiros estudos sobre a Protohistoria Galega.

Os males tamén se escomezan no 1913, ábrese a estrada ao



Monte do Tegra que se quere facer un importante centro turístico, trázase un viacrúcis, tribunas, palcos, púlpitos e o mesmo arquitecto Antonio Palacios colabora nos planos dunha gran hospedaría que non se fará ao gusto e seguindo os trazos do gran arquitecto. E desgraciadamente repoboase aquel monte ermo e peneñeiro con piñeiros, pérdense as vistas e destrócese o conxunto arqueolóxico, mal aínda hoxe ameazante. O conxunto troca a súa fisonomía orixinaria e perde aquel aire místico somentes coñecido polosromeiros galegos e portugueses que polo mes de Agosto frecuentaban a ermida da Santa Tegra.

Aparecen restos en abundancia nas escavacións. Moedas que nos falan da duración dos tempos da romanización. A máis vella co nome do maxistrado Lúcio Sempronio, da familia dos Gracos, home que viveu nos arredores do ano 174 a.C. A moeda máis moderna, un pequeno bronce de Galieno ponse no 255 d.C. Son os tempos duros de romanización en Galicia. Mais os orixes do asentamento están nunha etapa ben adentrada do Bronce, quizais anterior ao 700 a.C. Próbano o conxunto de insculuras e de moimentos megalíticos que se espallan polas abas do monte.

No aspecto de inxeniería observaremos como o conxunto es-

Por FELIPE SENEN

ta pechado polos grosos balados, unha ampla área de 700 mts., de lonxitude por 150 de latitude que no seu interior acolle as choupas circulares, arruamentos, fornellos, escaleiras, limieiras de portas insculuradas como enxebre tema do encadrelado, semellantes as de Briteiros e moitas estelas que representan esas dúas enseñas tan repetidas, símbolos astrais por escelencia. A rosácea e a espiral, son como un vello símbolo da Galicia Protohistórica.

E toda unha serie de pequenos elementos de vestir, doas, fíbilas, fibulas, alfinetes, torques. Restos de textos cerámicos, fusaioles, anacos de romanizada "sigillata". Non faltan as iniciais dos oleiros: L.Cris, L.Hot, Aro, F. Rem... restos de anforas e moitos máis elementos que proban o significado do castro e dos tempos da romanización.

O Tegra é un símbolo que merece respecto e veneración, é un santuario como un Pico Sagro que aínda ten moito que decir dos nosos orixes e dun intre no que Galicia aparece como colectividade... os comezos da Historia dunha Nación.

## andando a terra

Por M. HORTAS VILANOVA

### O QUE ACONTECEU CO DIÑEIRO DUNHA QUINIOLA

O meu vello e querido amigo Eduardo García, pai de María do Carme e María do Pilar García Negro, hai anos, tivo en Lugo, aberta unha oficina lembrese que oficina ven de oficio, é decir, o lugar onde se exerce o oficio de zapatería. Chamábase "Calzados Ciudadela" e estaba na rúa de Batistalés, oxe do Dr. Castro e popularmente coñecida como rúa das Dulcerías. Perante moito tempo "Calzados Ciudadela" foi o establecemento máis acreditado do ramo, tanto pola calidade e perfección do traballo, como pola resistencia e duración dos arranxos. Lembro aínda a Eduardo detrás do mostrador, atento e simpático coa súa parroquia, moi cuidadoso da súa persoa. Traguía sempre os zapatos tan limpos que daban a cara. Usaba

unhos traxes escuros, de chaqueta cruzada, que eran as máis elegantes.

Eduardo García pra este barbas que escribe e que suscribe será sempre Eduardo Ciudadela. Non hai moito que tiven con él un longo coloquio. E preguntéille por un vello oficial que se chamaba Xan e que traballara na súa oficina de zapatería. Xan -e que conste que o nome non é inventado- fora moi famoso no Lugo dos anos cincuenta e poucos. Coído que incruso saíra retratado nas llanas de "El Progreso". A Xan tocáralle unha quiniola de millón e pico de pesetas que, pra época, era unha animalada de diñeiro. Con esa fortuna o máis lóxico sería que se establecera como industrial zapateiro, pois era o oficio que coñecía. Pro, non señor. Comenzou a meterse en camisas de once varas e en diversos negocios que nada tiñan que ver co seu oficio.

Primeiramente andivo en tra-

tos pra facerse dono dun bar. O choio non foi a bó ramo. Fixeron, ambas partes contratantes, un documentíño cunha cláusula penal en diñeiro. O Xan quedouse sin bar e sin unhos cantos miles de pesetas.

Despóis do éxito do bar, o Xan mercou un auto pra alugar e transportar mercancias. Andivo metido nunhos negocios moi paveros. Un deles foi o levar xamós e lacós de Sarria a Madrid. Con guías, permisos de sanidade e outros trabucos polo estilo, o negocio era ruinoso e máis tendo en conta que no auto particular non se podían carrexar grandes cantidades de mercancia. Un espavilado espicolle ó Xan que o negocio estaba precisamente en non levar guías, nin permisos, nin historias desas. E meu dito, meu feito. O Xan decidiuse. E con tan boa sorte que, no primeiro viaxe, decomisáronlle a carne e mais o auto.

Coa experiencia que queda

esposta, o Xan cobrou novo coraxe e mercou outro auto. Desta volta amprou as súas actividades e deulles ámeto internacional. O negocio consistía en mercar café na fronteira portuguesa pra levalo a vender a Asturias. Na primeira carretada de café de Portugal a Asturias, aló no Cádavo parounos un paisano e pediulles a mercede de que o levaran deica a Fonsagrada. Mandáronlle montar. O chegar a Fonsagrada o paisano perguntou canto debía. Dixéronlle que non debía nada. O paisano comenzo a porfiar que baixaran beber un neto na súa compañía pois era moi gustoso de convidalos. Tanto e tanto porfiou que o Xan e o seu acompañante baixaron e pillarón pra unha taberna, a cuia porta deixaron aparcado o auto. Mentras tanto acercou a pasar por alí a parella da garda civil. A carga de café -que debía ser de moi boa calidade- cheiraba dun xeito escandaloso. Os recendos metéronse nas nari-

ces dos señores gardas. O remate da aventura e do negocio tampouco foi moi feliz, como é doado comprender.

Despóis de outros negocios semellantes ós que quedan descritos, e cos seus posibles ben meneguados, Xan mercou un pasaxe e embarcou pra Venezuela, ó ano xusto, máis ou menos, de acertar a quiniola. Non sei como a vida o trataría por aló. O mellor ó mudar de vida, mudou tamén de costumes e de fortuna.

Moi poucas persoas en Lugo se lembrarán oxe do Xan, pese a que, no seu tempo, tivo a súa parceliña de popularidade. Naqueles anos nos que a estrelina da fortuna brilou pra él, según decían as línguas do mundo, o primeiro que fixo foi buscar a unha amiga. E, ó ben visto, mercou dous abrigos de peles esatamente iguais: un regaloullo a amiga e o outro a "lexítima". Polo menos eso era o que se contaba. Aínda que calqueira fai caso de marmuracións.

## arredor de nós

Por CHAIRA

### OS RESIDUOS SOLIDOS

Cada xeneración vai sendo testigo da aparición dunha serie de movementos quer políticos, quer culturais (ámbolosdous a miúdo estreitamente vecellados), ou mesmo os referidos a cuestións técnicas e outras moitas innovacións.

A nós, entre outros, tocounos vivir o "boom" da ecoloxía, coma quen promociona un dentífrico ou un produto de limpeza. Vemos, ouvimos ou lemos frases como "para coidar a ecoloxía do seu fogar...", e outras tantas que xa prefero nen mentar.



Xurdiron diversos problemas ambientais, a incidencia do home sobor do medio en todos os eidos, o emprego duns determinados recursos, a creación dunha serie de necesidades, a produción duns subproductos que veñen moitas veces da fabricación doutros totalmente innecesarios, en resumidas contas todo esto estritamente vencellado ao parto e desenrolo dun modelo de sociedade, que se axusta perfectamente a un modelo preestabelecido, que non por eso é axeitado, no que estamos asulagados, e a que nos imos afacendo pasivamente.

Deste xeito o home como "creador", como encargado de

portar o feto e parilo, pasa a ser un subproduto máis do mesmo, un "resíduo sólido" vivo que compre manexar tanto nunha fábrica á hora de traballar como nos momentos de ocio, levado por outros que xa que logo ofrecerán unhas necesidades, pois para nos permitiren "realizarnos" a cada intre.

Tampouco hai que poñer mala cara pois para nos integrarmos de cheo, sempre temos unha pantasma na que cabilar, tal pode ser a tan famosa crise enerxética, o paro, o golpe, todo tan estreitamente relacionado.

Pero máis que nada compren solucións; "un urbanismo axeitado ás nosas necesidades; unhas

comunicacións que permitan o desenrolo das distintas áreas..." O subproduto vivo, pululante, asexante, cando non dumiñento, deixa debalar os días.

Chega o camión da limpeza, carregado de lixo; uns homes baixan a correren, e van-recollendo caixas e bolsas cheas de merda. As veces pola notiña, e outras de mañán, enchendo cubeta do vehículo para descargaren os residuosno estercoleiro, que se vai enchendo día a día polo que se fala da solución: unha planta para incineraren e cousas así. Vai xa o camión carregado de "resíduos sólidos", e lonxe da cidade quedan as montañas, o mar, as chairas,....

## MUSICA

### AS TEIMAS DE DOA

Baixo unha nova casa discográfica -Ruada- Miro Casabella, Xoan Piñón, Bernardo Martínez... e outros homes de mais ou menos sona na nosa música popular, decidiron grabar e formar grupo. O froito desta vontade foi "O Son da Estrela Escura", obra primeira de Doa, que tenta recrear pasado e tradición da música galega, "non dun xeito ortodoso", senón guiados (dunha maneira subxectiva) por unha sensibilidade da que é posuidora esta terra".

Cunha instrumentación rica e coorista, reatopamos no disco vellos cantigas do repertorio de Miro, e outras pezas tradicionais. Algúns arranxos fixéronse tomando coma fonte a música antiga; noutros, o parentesco mais perto esta nos grupos alcumados de celtas pola inefable estupidez humana. A reiteración na escoita amosa unha reveladora escolla do material, e un peculiar xeito de entender a música. Que non haxa nen muiñeiras, nen foliadas nen pasodobles; que haxa, pola contra, danzas de espadas, romances... non significa necesariamente esquencer parte da nosa música, pero si supón desvelar unha parte do folclore, case descoñecida: as danzas, de notables semellanzas coas dos países atlánticos, coma as danzas de espadas, que son patrimonio importante da nosa música até agora relativamente silenciado.

O material que agrupa o disco é heteroxeneo. Pero si buscamos un denominador común, de certo topáramolo na proximidade de todo o grabado, cantigas cultas incluídas, coa tradición musical de Galicia. O disco non ten ningún tema composto por eles, e ten un carácter marcada-



mente acústico. Os instrumentos utilizados son de corda pulsada -guitarra, laúde, mandolina..., frotada -violín, zanfona, chelo-, e diversos instrumentos de ar-frauta, chirimía, bombardas e gaita- e percusión. Hai, xa que logo, unha grande variedade de timbres que lle dan ao disco unha sonoridade moi brillante. Somentemente na percusión hai ausencias: decote se limita a marcas os acentos -bombo, bodhran-, e as veces bótase de menos elementos rítmicos. O resultado é que as danzas, que son pezas dunha grande elasticidade, perden parte da forza rítmica de seu. Fanse mais cortesanas. Seguindo os esquemas do folclore irlandés, bretón..., utilízanse os diálogos entre diferentes instrumentos, quitándolle monotonia a melodía. Un recurso moi propio do folclore destes países, ademais dos diálogos e da simplicidade rítmica, é a utilización do violín coma instrumento fundamental. Todas estas posibilidades son recollidas por Doa, para articular os seus arranxos. E teña para min que é perfectamente lexítimo. As carballesas, as danzas de espadas son, coma as "JIG"... pezas de ritmo moi vivo, de compases apretados. Teñen igual ritmo e estruturas semellantes. Verlaí que sexa válido, un acerto, a utilización deste parentesco, sem-

pre que a cadencia non se alonxe da nosa, que non é o caso.

Mentras nas danzas e pezas instrumentais a tónica xeneral é a do acerto, nas cantigas deixáronse notar algunhas pequenas chatas que lle quitan madurez ao disco. Non está nas miñas intencións facer cruzadas puristas encol da música, pero coido que hai elementos substanciais a respetar no intre de facela. A liberdade de creación pouco ou nada ten que rifar coa fidelidade que se lle debe á música histórica. Nas cantigas o acento ven dado polo texto, e cambealo de lugar non ten mais xustificación que a da desinformación. As versións das cantigas, salvados algúns detalles, entran dentro da mínima ORTODOSIA a esixir, e o cambeo do acento non ten de seguro razón de ser.

En absoluto ortodoxa resulta, porén, a fonética francesa de Miro, macarrónica "a tope", que desloce un dos temas mais fermosos do disco. Mágoa de "Pernette".

Polo que respeita aos detalles técnicos, hai que dicir que grabación e prensaxe son regulares. A carpeta e a presentación cumpren dabondo, e agradeceuse a inclusión das letras e as pequenas presentacións dos diferentes temas.

"O Son da Estrela escura"

(esto é unha valoración totalmente subxectiva) é un disco bo, que sen moito esforzo poido ser mellor. Pero penso que as posibilidades de Doa están moi por riba das da grabación. Hoxe Doa ten nova xente na súa formación. Son todos bos instrumentistas. Que estean afeitos a tocar xuntos que cubran os espazos valerosos por encher. Tempo haberá logo para cavilar sobre eles.

LOIS RODRIGUEZ ANDRADE

## O CURRUNCHO DO LEITOR

"Nos" e "La Ilustración..."

Por AMARO VEIGA

**Duas edicións facsimilares son merecentes da nosa atención neste espácio que tenta orientar ao lector de obras galegas.** Uha é a edición feita por Galaxia da revista "Nos", da cal saíron á luz dous volumes da revista cultural da xeneración de Castelao, Risco, Otero, Cuvillas, etc. que despois se dou en chamar xeneración "Nos". Hai calidade na reprodución, se ben os que tiñamos lido a colección enteira, na nosa adolescencia, en bibliotecas particulares e mesmo na de Castelao, ubicada por moito tempo nunha Biblioteca pública e hoxe depositada no Museo de Pontevedra, dexérgamos as diferencias existentes entre as edicións-príncipe e esta reprodución facsimil.

De todos xeitos, para os descoñecedores deste verdadeiro corpus cultural de toda unha xeneración, a edición inestimábel de consulta para comprender a nosa continuidade cultural, resulta un elemento moi enriquecedor para calquer interesado no ensaio, na etnografía, na poesía, na arte ga-

legas de todo un tempo, do que en certa medida somos herdeiros a través da xeneración, da posguerra que conectará coa xeneración de "Nos" e que fixo nacer "Galaxia", após a II Guerra Mundial.

A beira de galegos esclarecidos, que recolleu axeitadamente o número extraordinario feito pola Real Academia Galega, están autores portugueses e estranxeiros que tiñan conectado cos galegos de aquén-Miño xa daquela, voltando así ao eido común da cultura galego-portuguesa: Teixeira de Pascoas, Guerra Junqueiro, etc.

Esta edición facsimilar da revista "Nos" de Galaxia pagaba a pena tela aproveitado para tirar, en prezos máis baratos e con condicións económicas máis axeitadas, un maior número de exemplares que chegasen a todos os galegos, cousa que técnicamente e economicamente é factíbel, pasado un período en que se venda esta edición primeira. Compre ir pensando en que o mercado galego debe recibir tamén edicións baratas que cheguen a todo o noso pobo sen excepcións; somente así se poderá facer cultura nacional galega.

Outra edición facsimilar é a da revista "La Ilustración Galega y Asturiana" editada por Silverio Cañada, que tamén representa unha época moi concreta dos nosos primeirísimos "Precursores". Con gravuras do seu tempo reproducense os orixinais desta revista, que serviu para alertar a conciencia galega. Edición facsimil ben feita tamén, pódese dicir dela o mesmo do que se dixo encol da edición facsimilar de "Nos", aínda que a súa importancia na nosa cultura lóxicamente non é a mesma, representa asemade un período histórico que non se pode esquecer.

## AXENDA

### ACTOS

NO 143 CABODANO DO NACEMENTO DE ROSALIA, diálogo sobre dela na Eirexa Católica Española, o 24 de febreiro, as 3 da tarde. Organiza o Grupo Galego de Aarau (Suíza).

### MOSTRAS

XAQUIN MARIN. Deica o 8 de



marzo. Galería Sargadelos. Santiago. CESAR HERRERO. Deica o 24 de febreiro. Hostal dos Reis Católicos. Santiago. SALVADOR DALI. Círculo Mercantil e Industrial. Santiago.

REIMUNDO PATINO. Deica o 23. Galería Sargadelos. Madrid.



### RECITAIS

FUXAN OS VENTOS E NUEVO

MESTER DE JUGLARIA. Día 24 de febreiro, as 7 da tarde. Organiza a A.C. "Lóstrego". No Pabellón Deportivo do Real Madrid. Madrid.

### CINE

"MEMORIAS DEI SUBDESARROLLO", de Tomás G. Allen, e ademais o corto "LOS DRAGONES DE HA LONG", do cubano Santiago Alvarez. Día 26. Cine-club "O Eixo". Santiago.

A NAI, e máis o corto "GERNIKA", V. I. Pudovkin. Día 22. As 10 e meia no Cine Avenida. Cine-club Marín.

"LE JOUR SE LEVE", de M. Carné (1939). Ciclo FPF. Cine-club "Padre Feixóo". Na Casa da Cultura, rua do Concello-13-baixo. Ourense. Día 26.

ALLONSANFAN, de P. e V. Taviani (1974). Día 22. Cine-club "Padre Feixóo". Casa da Cultura. Ourense.

### PUBLICACIONES

ENCrucILLADA. Núm. de xaneiro-febreiro o.

### RADIO NACIONAL DE ESPAÑA

#### II PROGRAMA

Día 23.- 16,30.- O Piano de Andrés Gaos (Rosa de abril, Romanza e Preludio) polo pianista mallor-

quín Joan Moll.

Día 25. 16,30.- O pianismo de Adalid ("La noche") polo pianista andaluz Antonio Ruiz-Pipó.

### CONCURSOS

XIII CONCURSO NACIONAL DE CONTOS INFANTIS "O FACHO". A Agrupación Cultural "O Facho", coa colaboración económica da Caixa de Aforros de Galicia, convoca, como todos os anos, o Concurso Nacional de Contos Infantís, que esta volta acada a súa 13 edición, de acordo coas seguintes bases:

1.- Os temas serán libres e cada concursante poderá mandar cantos contos queira.

2.- Os contos presentados deberán ser inéditos e estar escritos en idioma galego.

3.- Consta de dúas seccións: a) Contos para nenos, que non teñan limitación de idade; b) Contos de nenos, para nenos e nenas de menos de quince anos, consighando a idade ao pé do traballo que manden. Divídese en dous grupos: 1) Nenos entre dez e quince anos; 2) Nenos de menos de dez anos.

4.- A extensión de cada conto non poderá exceder de seis follas tamaño folio, mecanografiadas a dobre espácio.

5.- Os premios serán os seguintes: a) Contos para nenos, un premio de quince mil pesetas, outro de dez mil e outro de cinco mil; b) Contos de nenos: 1) Nenos entre 10 e 15 anos, un premio de cinco mil pesetas, outro de tres mil e outro de dúas mil; 2)

Nenos de menos de 10 anos, un premio de tres mil e outro de dúas mil.

6.- Os orixinais mandaránse por triplicado, baixo plica, se así o desexa o concursante, non mantendo a Agrupación Cultural "O Facho" correspondéncia cos participantes, nen se obrigando a devolución dos orixinais non premiados.

7.- O fallo dos premios será dado a coñecer o día 17 de maio, Día das Letras Galegas.

8.- Somentemente entrarán en concurso aqueles contos que teñan o ingreso no domicilio da Agrupación Cultural "O Facho" - rua Federico Tapia, 12-primeiro, A Coruña-, antes do día 1 de maio de 1980.

9.- A Agrupación Cultural "O Facho" resérvase o dereito de designar o xurado que ha de fallar os premios, así como o sistema de elección dos contos gañadores.

10.- Calquera dúbida ou cuestión que se plantexe con respecto a estes

premios será resolta exclusivamente pola Xunta Directiva da Agrupación.

11.- A Agrupación Cultural "O Facho" terá opción preferente para a publicación dos traballos premiados dentro dun prazo de 18 meses, contados a partir da data de comunicación do fallo do xurado, sendo a propiedade intelectual da obra do seu autor, adoptándose as normas do INLE no caso de establecer contrato por ambas as dúas partes.

12.- A participación neste concurso presupón a aceptación expresa das presentes bases.

# curso de lingua

## Quince

Queridos compañeiros:

Agradécesevos grandemente que vos aportades un novo enclave onde se rexistra a voz Pobo no sentido xeográfico. Este non é o único; cada pouco nós imos rexistando máis e ampliando os territorios onde esta concepción permanece viva. Cando achemos unha concepción global cabal, esperemos preta, publicámola. Nesta palabra e noutras conflictivas.

En canto á vosa resposta, vós decidís que se pobo hoxe alude a noción xeográfica é máis que nada por influo do español.

Esto podía dárese en xentes que non mamasen o galego e nos cultivados, mais nunca nas capas populares iletradas que usarán entrosques o termo colonizador pueblo "tal cual", como usan igrexa, Dios, jueves, etc. E nestas capas é unicamente onde nós o consideramos.

E non se crea que é un fenómeno illado, anecdótico...

Non, que pobo está presente como voz xeográfica en extensións considerábeis da nación, mais en ningures está, ésto nóno pode rebater ningún, o pobo sociolóxico.

Nós nunca dixemos, tal espresades, que pobo no noso idioma non só ten unha acepción social, senón tamén ten a xeográfica; senón que manifestamos que a única que verdadeiramente ten no seo da xente é a xeográfica, nunca a sociolóxica, anque conviñamos que atalora non se debe refugar a derradeira.

Referente ao de Vila; Vila tivo significacións que vararon ao longo dos tempos.

Empezou como asentamento agrícola dos colonos latinos na beira das vías de comunicación, as Vilas, ao redor das cales fóronse achegando os braceiros indixenas, formando entidades de poboación que deron lugar nuns casos a pobos (e os infínitos topónimos menores compostos con vila e vilar) e noutros pola súa condicións e situación privilexiada a vilas ou poboas, probas e pobras.

Estas ditas vilas ou pobras, entidades de poboación, de función mercantil de troco e abastecemento do entorno comarcal, foron niño e abeiro dos burgueses e artesans, tiveron Cartas de Privilexio Real e enfrontáronse en distintas ocasións á nobreza, emprazada no rural.

Algunha destas vilas acadou a categoría de cidade, como por exemplo Allariz, que chegou en tempos de Fernando III a ser máis importante incluso que Sevilla.

Aos moradores destas vilas chamáuselles vilas ou vilans ou vilegos, en español "villanos", levando o termo unha carga depreciativa por culpa dos nobres, aqueles que rexían os destinos humanos e facían a historia.

Esi quedou asentada a concepción de vila, que é máis ou menos igual a pueblo en español porque en España e o seu berce Castilla os pueblos son tan grandes ou máis coma as nosas vilas eiqui; pro pobo en galego ten unha acepción xenérica definida que abrangue ás entidades pequenas como aldea, lugar e nalgún caso hastra a vila (baste senón dicir que pobo provén de pobo).

Outra cousa; se os anos

se contan por séculos entón tamén estamos dacordo en que no galego medieval se dixera pobra, poboa e todo eso, cousa que non se dubida, mais nós aínda non hai un ano que escoitamos chamar pobra e proba ás vilas da Proba de Burón e a Pobra de Navia de Suarna.

Tamén estráñanos a aseveración de que xeográficamente pobo en portugués é despectivo, cando nós o escoitamos no sentido normal e o ilustre filólogo portugués Rodrigo Fontinha, no seu Novo Dicionário Etimológico da lingua Portuguesa, dinos que a terceira acepción de pobo é "uma povoação de poucos habitantes", sin ningunha outra peioración.

Pra rematar imonos cinguir a un documento histórico: o aparecido hai cen anos nas publicacións de Antonio de la Iglesia "El Idioma Gallego", Tomo 1, e que data do ano 1.708.

Todo o mundo o pode ler (a publicación é da Voz de Galicia, edición 1.977).

A composición do documento é unha louba a Nuestra Señora de Reza (é un pobo a 3 Kms. de Ourense, Miño abaixo), por avernos dado un príncipe en nuestra reyna y señora MARIA GABRIELA, por un autor no coñecido, ni dado a luz por mano de don Joseph Noguero, su mismísimo primo hermano.

Ilustrísimo Señor,  
Oy a miña Musa toda  
Say á praza á publicar  
As bonras da nosa Aurora  
De reza, q' é nosa imágen  
Que en iste Probo se adora  
Por Patroa singular,  
Por alegre, por Señora,

Por Galega, por Paisana etc. ....

Un saúdo patriótico pra todos.

MARIO ALONSO NOCEDA OURENSE

M.P. GARCIA NEGRO X.M. DOBARRO PAZ

Con ben máis retraso do que quixéramos, reproducimos a carta que de novo nos envía Mariol Alonso Noceda, desde Ourense. O noso comunicante xa plantexara a cuestión de POBO/VILA en carta que apareceu no núm. 82 de A NOSA TERRA. No núm. 83, respondéramoslle, mantendo a opinión da conveniencia de distinguirmos entre os dous termos, por ter un sentido social (pobo xente) e o outro, xeográfico ou espacial (vila lugar dunha extensión intermedia entre a aldea e a cidade). Hoxe, unicamente engadimos un feito que nos parece necesario ter en conta en calquera valoración lingüística. A estrutura semántica dos idiomas é xustamente a máis susceptible de modificacións cando hai un conflito lingüístico polo medio e a nós o caso da substitución de "pobo" por "pueblo" na fala popular parécenos precisamente un exemplo do dominio do español sobre o noso idioma, índice e sintoma doutros dominios. Con respecto do de Escalón a que aludíamos na nosa carta anterior de resposta seguimos facendo averiguacións e chegamos á conclusión de que se trata dun feito que naceu en Santiago entre os estudantes desa zona e daí espallouse a outros falantes. Isto mesmo é o que poido acontecer nas outras zonas onde o tes rexistrado. Seguimos, pois, a manter a diferenza indicada entre os dous termos, sen tampouco -cousa que, por outra parte, sempre procuramos evitar- "anametizar" as opcións que non suscrebemos. Ao fin e ao cabo (e Mario Alonso Noceda cremos que estará de acordo connosco neste punto), esta e outras cuestións parecidas son ben leves para a saúde e o fortalecemento da nosa lingua como instrumento de comunicación normalizado da nosa nación.

Os nosos saudos patrióticos e astra outra vez.

Tamén escribe á sección desde Almería Ramón Taboada, a quen asimismo pedimos disculpas pola tardanza en dar resposta. Realmente, hoxe non faremos máis que dar constancia da súa carta, comentando unicamente aquelas cuestións que nos parece que teñen un interese xeral. En relación ao resto das preguntas ou comentarios que fai, agradeceríamolle que nos enviase un enderezo ao que poderemos contestarlle directamente e punto por punto. Seleccionamos, pois, dúas cuestións:

1. "¿Por qué non empleades textos nun galego moi mal escrito -que os hai- pra amosármolos así como non se debe escribir?"  
2. "¿Por qué non escolledes textos da literatura popular? Moitas veces obras chamadas da literatura galega -escritas en galego- teñen unha temática ben pouco popular e tamén ben pouco galega." A propósito do Curso é tal e como anunciámos ao principio -facer comentarios sobre a nosa lingua a partir de textos literarios que nos parecen significativos e que, ademais, seguisen o desenvolvemento da nosa historia literaria. Eis a razón de por que escollemos os textos dos escritores, respectivamente sempre no léxico e facendo só nalguns casos lixeiras modificacións ortográficas (practicamente, na acentuación nada máis, porque cremos que, na maioría dos casos, a do texto impreso que manexamos non é tampouco a empregada polos autores). Por outra parte, a corrección de textos mal escritos é algo do que xa se ocupou en bastantes ocasións a anterior sección de "O idioma".

Como o Curso ten unha duración limitada, compria facer unha selección en base a un criterio determinado. Optamos por escoller como mostra da literatura popular (que máis tarde foi fonte de inspiración en moitos casos dos escritores) unhas cantigas que incluímos precisamente na lección Cero, como inicio do Curso. En canto a obras da nosa literatura escrita, o criterio que seguimos non é unicamente idiomático (que é indispensable para podermos falar de literatura galega), senón o criterio temático, isto é, a capacidade de resposta dos escritores perante a súa comunidade oprimida.

## PASATEMPOS



cal era o seu nome?

SOLUCIOS AOS PASATEMPOS DO NUM. ANTERIOR:

-Doce coma o mel.

(12 / / O / MeL)

A U. G. afirmao

(auga / a firma / o)

## ANUNCIOS DE BALDE

Comuna baixo o nome de "Cooperativa Agrícola Ganadera". Terreos, mercados. Aforrámos para casa, animais, infraestrutura e autofornecemento. Fáltanos algo e **alguén**. 500.000 pts. de aportación. Mandarémolche os proxectos por 150 pts. de gastos de fotocópias e remesa. Non visitas. Pilar, Ignasi, Javier. C/Valencia-619-7-3. Barcelona-26.

\*\*\*

Temos biblioteca moi precaria e poucas posibilidades de completala. Todos os lectores que podan ter libros en galego dos que non se sirvan, agradeceríamnos que nos os enviásemos. Irmandade Galega na Suiza. Cp. 433/1211. Geneve. (Suiza).

Desexo contactar con algun patriota catalán, para manter contacto sobre a situación dos "nosos" (máis cedo ou máis tarde serán nosos de verdade) países respectivos. **Manoel P. Gómez-Valadés**. Via do Norde 14-cuarto A. T. (986) 415373. Vigo.

## A LAREIRA

Os que imos vellos relembramos sempre con moita tristura a deleitosa lareira cando á beira dela nos quentabamos nas noites de inverno baixo a ledicia da compañía dos nosos pais e irmáns. Con toxo e fortes paus de carballo, quentábase un gran caldeiro que dende enriba da cheminea, suxeto a un l longo pau contiñao unha cadea, onde ferbian nabos, berzas, patacas e fariña de millo pra cebar os porcos. O barrigudo pote era entón o "Rei da lareira" onde se facía o caldo ben feitiño como sabrosiño, e nos tres pes de ferro nunha pota de barro de Bruño era onde se facía o xamáis esquencido asado. ¡Qué tempos!... Galiza, por aqueles anos de 1912, vivía nun silandeiro repouso, ignorando a maioría dos paisás as ditas do viver que o mundo tiña. Os vellos cheos de traballo, sentábanse ó pé do lume da súa probe lareira, namentras as vellas fiaban coa roca, e moita da mocidade fuxían prá América lonxan. Entre esta e outras cousas, o gato morriñento, acochado entre a cinza, dormía ó calor do lume. Todos estes docíños costumes agora non os ollamos: artes como a Artesa, o abaco, as cuncas e moitas cousas máis que eran o típico da nosa terra. Oxe, o viver e o outro, por que ten que ser polas incompatíbeis necesidás que os tempos esixen. Os grandísimos adiantos do



mundo dunhos anos pra qui toron é són admirábeles, a mentalidade e outra, e cada xeneración vive o seu tempo. Dos nosos idos recordos, grañas que inda poidemos ollar nos museos onde se teñen como a máis adourada estima. Mais con tantos adiantos no meu pensa-

mento está sempre a lembranza da amare lareira como os días deleitosos da nenez, porque calquera tivo a dita de viver eses tempos mentras o curazon latexa xamáis son esquencidos.

Antonio Prado Díaz

# A NOSA TERRA

